



**SESIÓN ORDINARIA DO  
EXCELENTÍSIMO CONCELLO  
PLENO DE DATA SEIS DE MAIO  
DE DOUS MIL VINTE E UN**

---

No Salón de Sesións da Casa do Concello da cidade da Coruña, a 6 de maio de 2021. Baixo a presidencia da **Excma. Sra. Alcaldesa, dona Inés Rey García**, e coa asistencia dos edís **D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D.<sup>a</sup> María García Gómez, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema e D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**, e ao abeiro do establecido no artigo 46.3 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local –en diante LRBRL–, (engadido pola disposición final segunda do Real decreto lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ao COVID-19), coa asistencia á sesión plenaria por videoconferencia da edil **D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón**, reúnese, previa convocatoria regulamentariamente circulada, o Excelentísimo Concello

**SESIÓN ORDINARIA DEL  
EXCELENTÍSIMO AYUNTAMIENTO  
PLENO DE FECHA SEIS DE MAYO  
DE DOS MIL VEINTIUNO**

---

*En el Salón de Sesiones de la Casa del Ayuntamiento de la ciudad de A Coruña, a 6 de mayo de 2021. Bajo la presidencia de la **Excma. Sra. Alcaldesa, doña Inés Rey García**, y con la asistencia de los ediles **D. José Manuel Lage Tuñas, D.<sup>a</sup> Eudoxia María Neira Fernández, D. Juan Manuel Díaz Villoslada, D. Jesús Javier Celemín Santos, D.<sup>a</sup> María Esther Dolores Fontán Prado, D. Juan Ignacio Borrego Vázquez, D.<sup>a</sup> Diana María Sobral Cabanas, D.<sup>a</sup> Rosa María Gallego Neira, D. Roberto Rodríguez Martínez, D.<sup>a</sup> Esperanza Peñalosa López-Pin, D. Antonio Deus Álvarez, D. Roberto García Fernández, D.<sup>a</sup> María Teresa Gutiérrez Roselló, D.<sup>a</sup> María Nazaret Cendán Gayoso, D. Roberto Luis Coira Andrade, D. Juan Carlos Varela Vázquez, D.<sup>a</sup> María García Gómez, D.<sup>a</sup> Silvia Cameán Calvete, D. Alberto Lema Suárez, D.<sup>a</sup> Claudia Delso Carreira, D. Iago Martínez Durán, D. Francisco Xesús Jorquera Caselas, D.<sup>a</sup> Avia Veira González, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema y D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**, y al amparo de lo establecido en el artículo 46.3 de la Ley 7/85, de 2 de abril, reguladora de las bases del régimen local –en adelante LRBRL–, (añadido por la disposición final segunda del Real decreto ley 11/2020, de 31 de marzo, por el que se adoptan medidas urgentes complementarias en el ámbito social y económico para hacer frente al COVID-19), con la asistencia a la sesión plenaria por videoconferencia de la edil **D.<sup>a</sup> Eva Martínez Acón**, se reúne, previa convocatoria reglamentariamente circulada, el Excelentísimo Ayuntamiento Pleno, con el objeto de realizar sesión ordinaria en*



Pleno, co obxecto de realizar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Xustifica a súa ausencia o interventor xeral **D. Ángel David Murado Codesal**.

Dá fe do acto o infraescrito **secretario xeral do Pleno don Manuel José Díaz Sánchez**, e atópase ademais presente o **xefe do servizo de Intervención Xeral don Martín González Rodríguez**.

Ás dez horas e dez minutos a Presidencia declara aberta a sesión e pásase a tratar os seguintes asuntos incluídos na orde do día.

## **I. PARTE RESOLUTIVA**

### **Intervencións**

#### **Presidencia**

Moi bo día a todos e a todas.

Iniciamos esta sesión ordinaria do Pleno correspondente ó mes de maio.

Saúdamos a todos os membros da Corporación, persoal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor xefe de servizo do Servizo de Intervención, en substitución do interventor xeral municipal ó que desde aquí lle mandamos moito ánimo e o noso cariño nestes momentos que por cuestións familiares non pode asistir.

Tamén ós xornalistas acreditados así como a todos aqueles que nos acompañan na tribuna de convidados.

Asunto número 1, señor secretario.

### **COMUNICACIÓNS DA ALCALDÍA**

**76.- Comunicado da Alcaldía sobre a**

*primera convocatoria.*

*Justifica su ausencia el interventor general **D. Ángel David Murado Codesal**.*

*Da fe del acto el infrascrito **secretario general del Pleno don Manuel José Díaz Sánchez**, y se encuentra además presente el **jefe del servicio de Intervención General don Martín González Rodríguez**.*

*A las diez horas y diez minutos la Presidencia declara abierta la sesión y se pasa a tratar los siguientes asuntos incluidos en la orden del día.*

## **I. PARTE RESOLUTIVA**

### **Intervenciones**

#### **Presidencia**

*Muy buenos días a todos y a todas.*

*Iniciamos esta sesión ordinaria del Pleno correspondiente al mes de mayo.*

*Saludamos a todos los miembros de la Corporación, personal municipal que nos acompaña, señor secretario, señor jefe de servicio del Servicio de Intervención, en sustitución del interventor general municipal al que desde aquí le mandamos mucho ánimo y nuestro cariño en estos momentos que por cuestiones familiares no puede asistir.*

*También a los periodistas acreditados así como a todos aquellos que nos acompañan en la tribuna de convidados.*

*Asunto número 1, señor secretario.*

### **COMUNICACIONES DE LA ALCALDÍA**

**76.- Comunicado de la Alcaldía sobre la**



**violencia machista.**

**Señor Secretario Xeral**

Comunicacións de Alcaldía.

**Presidencia**

Nas comunicacións de Alcaldía, e tal e como se acordou no Pleno do pasado 14 de setembro de 2015 onde se aprobou por unanimidade unha moción conxunta sobre a violencia de xénero, se acordaba iniciar cada Pleno ordinario agardando tantos minutos de silencio como persoas fosen asasinadas polo machismo desde o anterior Pleno.

Neste pleno ordinario deberán gardarse 3 minutos de silencio polas vítimas que a continuación se relacionarán. As cifras oficiais de asasinatos machistas desde, que se corresponde coas cifras oficiais de asasinatos machistas desde o Pleno ordinario do 8 de abril.

Infórmase igualmente que no total do ano 2021 ata o día de hoxe as cifras oficiais de asasinatos machistas (mulleres, fillos e fillas) é de 8 mulleres e unha filla menor.

Dende o pasado Pleno do 8 de abril ata este pleno gardaremos 3 minutos de silencio polas seguintes vítimas:

O 14/04/2021 Jordina M.P., de 34 anos en Manresa (Barcelona) que deixa dúas fillas menores de idade.

O 19/04/2021 Paula M.M., de 36 anos en Mansilla de las Mulas (León).

E o 26/04/2021 Pilar (de apelidos non coñecidos), de 50 anos en La Bisbal del Penedés (Tarragona).

**violencia machista.**

**Señor Secretario General**

Comunicaciones de Alcaldía.

**Presidencia**

*En las comunicaciones de Alcaldía, y tal y como se acordó en el Pleno del pasado 14 de septiembre de 2015 donde se aprobó por unanimidad una moción conjunta sobre la violencia de género, se acordaba iniciar cada Pleno ordinario guardando tantos minutos de silencio como personas habían sido asesinadas por el machismo desde lo anterior Pleno.*

*En este pleno ordinario deberán guardarse 3 minutos de silencio por las víctimas que a continuación se relacionarán. Las cifras oficiales de asasinatos machistas desde, que se corresponde con las cifras oficiales de asasinatos machistas desde el Pleno ordinario de 8 de abril.*

*Se informa igualmente que en el total del año 2021 hasta el día de hoy las cifras oficiales de asasinatos machistas (mujeres, hijos e hijas) son de 8 mujeres y una hija menor.*

*Desde el pasado Pleno de 8 de abril hasta este pleno guardaremos 3 minutos de silencio por las siguientes víctimas:*

*El 14/04/2021 Jordina M. P., de 34 años en Manresa (Barcelona) que deja dos hijas menores de edad.*

*El 19/04/2021 Paula M.M., de 36 años en Mansilla de las Mulas (León).*

*Y el 26/04/2021 Pilar (de apellidos no conocidos), de 50 años en La Bisbal del Penedés (Tarragona).*



Solicito que todos os membros da Corporación se poñan en pé durante 3 minutos.

(Gárdanse 3 minutos de silencio).

Moitas grazas

**77.- Aprobación do borrador da acta da sesión plenaria seguinte, celebrada no 2021:**

**- Ordinaria, do 4 de marzo de 2021.**

### **Presidencia**

Nas comunicacións de Alcaldía tamén está a aprobación do borrador da acta da sesión plenaria ordinaria do 4 de marzo do 2021 que xa teñen todos e á que non se fixo ningunha alegación, polo tanto se entende aprobada.

Señor secretario, asunto número 2.

### **ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR**

#### **Oficina Orzamentaria**

**78.- Toma de coñecemento do Informe da aprobación das liquidacións do Orzamento do Concello, do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio de Turismo e Congresos, do Consorcio para a Promoción da Música, correspondentes ao exercicio 2020.**

**Toma de coñecemento do Informe de data 19 de abril de 2021, sobre estabilidade orzamentaria á liquidación do grupo institucional do Concello da Coruña do exercicio 2020.**

**Toma de coñecemento do Informe das resolucións adoptadas pola**

*Solicito que todos los miembros de la Corporación se pongan en pie durante 3 minutos.*

*(Se guardan 3 minutos de silencio).*

*Muchas gracias*

**77.- Aprobación del borrador del acta de la sesión plenaria siguiente, celebrada en el 2021:**

**- Ordinaria, de 4 de marzo de 2021.**

### **Presidencia**

*En las comunicaciones de Alcaldía también está la aprobación del borrador del acta de la sesión plenaria ordinaria de 4 de marzo del 2021 que ya tienen todos y a la que no se hizo ninguna alegación, por lo tanto se entiende aprobada.*

*Señor secretario, asunto número 2.*

### **ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR**

#### **Oficina Presupuestaria**

**78.- Toma de conocimiento del Informe de la aprobación de las liquidaciones del Presupuesto del Ayuntamiento, del Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), del Consorcio de Turismo y Congresos, del Consorcio para la Promoción de la Música, correspondientes al ejercicio 2020.**

**Toma de conocimiento del Informe de fecha 19 de abril de 2021, sobre estabilidad presupuestaria a la liquidación del grupo institucional del Ayuntamiento de A Coruña del ejercicio 2020.**

**Toma de conocimiento del Informe de las resoluciones adoptadas por la**



**Presidencia da Entidade Local  
contrarias aos reparos efectuados no  
exercicio 2020.**

**Señor Secretario Xeral**

Oficina Orzamentaria

-Toma de coñecemento do Informe da aprobación das liquidacións do orzamento do Concello, do Instituto Municipal da Coruña Espectáculos (IMCE), do Consorcio de Turismo e Congresos, do Consorcio para a Promoción da Música, correspondentes ao exercicio 2020.

-Toma de coñecemento do Informe de data 19 de abril de 2021 sobre estabilidade orzamentaria, á liquidación do grupo institucional do Concello da Coruña do exercicio 2020.

-Toma de coñecemento do Informe das resolucións adoptadas pola Presidencia da Entidade Local contrarias aos reparos efectuados no exercicio 2020.

**Presidencia**

Moitas grazas, asunto número 3.

**URBANISMO, VIVENDA,  
INFRAESTRUTURAS E  
MOBILIDADE**

**Urbanismo**

**Suspensión cautelar da tramitación de  
planeamento de desenvolvemento,  
instrumentos de equidistribución,  
urbanización e licenzas no ámbito EL-  
4 Castrillón.**

**Señor Secretario Xeral**

***Presidencia de la Entidad Local  
contrarias a los reparos efectuados en el  
ejercicio 2020.***

**Señor Secretario General**

Oficina Presupuestaria

*-Toma de conocimiento de Informe de la aprobación de las liquidaciones del presupuesto del Ayuntamiento, del Instituto Municipal de A Coruña Espectáculos (IMCE), del Consorcio de Turismo y Congresos, del Consorcio para la Promoción de la Música, correspondientes al ejercicio 2020.*

*-Toma de conocimiento del Informe de fecha 19 de abril de 2021 sobre estabilidad presupuestaria, a la liquidación del grupo institucional del Ayuntamiento de A Coruña del ejercicio 2020.*

*-Toma de conocimiento del Informe de las resoluciones adoptadas por la Presidencia de la Entidad Local contrarias a los reparos efectuados en el ejercicio 2020.*

**Presidencia**

*Muchas gracias, asunto número 3.*

**URBANISMO, VIVIENDA,  
INFRAESTRUTURAS Y  
MOVILIDAD**

**Urbanismo**

***Suspensión cautelar de la tramitación de  
planeamiento de desarrollo,  
instrumentos de equidistribución,  
urbanización y licencias en el ámbito EL-  
4 Castrillón.***

**Señor Secretario General**





Urbanismo. Suspensión cautelar da tramitación de planeamento de desenvolvemento, instrumentos de equidistribución, urbanización e licenzas no ámbito EL-4 Castrillón.

### **Presidencia**

Moitas grazas. Ten a palabra...si señor Jorquera

### **Señor Jorquera Caselas**

Señora alcaldesa, na Xunta de Voceiros houbo unanimidade de todos os Grupos para que este Pleno lese unha declaración institucional relativa ao ERTE de Repsol.

### **Presidencia**

Si, esquecino completamente, perdón.

Ben, pido desculpas por esta omisión involuntaria.

Como ben di o señor Jorquera, acordouse na Comisión de Voceiros, por unanimidade, a lectura dunha declaración institucional en apoio ás reclamacións dos traballadores e traballadoras da planta de Repsol na refinería de A Coruña á que dou lectura.

### **79.- Declaración Institucional de apoio ás reclamacións dos traballadores e traballadoras da planta de Repsol na refinería da Coruña.**

O pasado 8 de abril a dirección de Repsol comunicou ao Comité de Empresa da refinería da Coruña o inicio dun expediente de regulación temporal de emprego, por causas productivas, que afectará a 212 traballadores e traballadoras e cunha duración de máximo 6 meses.

*Urbanismo. Suspensión cautelar de la tramitación de planeamiento de desarrollo, instrumentos de equidistribución, urbanización y licencias en el ámbito EL-4 Castrillón.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias. Tiene la palabra...sí señor Jorquera*

### **Señor Jorquera Cáselas**

*Señora alcaldesa, en la Junta de Portavoces hubo unanimidad de todos los Grupos para que este Pleno leyese una declaración institucional relativa al ERTE de Repsol.*

### **Presidencia**

*Sí, lo olvidé completamente, perdón.*

*Bien, pido disculpas por esta omisión involuntaria.*

*Como bien dice el señor Jorquera, se acordó en la Comisión de Portavoces, por unanimidad, la lectura de una declaración institucional en apoyo a las reclamaciones de los trabajadores y trabajadoras de la planta de Repsol en la refinería de A Coruña a la que doy lectura.*

### **79.- Declaración Institucional de apoyo a las reclamaciones de los trabajadores y trabajadoras de la planta de Repsol en la refinería de A Coruña.**

*El pasado 8 de abril la dirección de Repsol comunicó al Comité de Empresa de la refinería de A Coruña el inicio de un expediente de regulación temporal de empleo, por causas productivas, que afectará a 212 trabajadores y trabajadoras y con una duración de máximo 6 meses.*

A diminución da demanda de mobilidade e do transporte, derivadas da irrupción na nosa sociedade da pandemia provocada pola COVID-19, provocou uns efectos económicos negativos — ademais de a moitas outras— ás empresas dedicadas á produción de combustible.

Este foi un sector que durante toda a pandemia estivo á altura das circunstancias grazas ao esforzo dos seus traballadores, que ao ser considerados esenciais adaptaron as súas xornadas laborais, mesmo con horarios de 12 horas continuadas, para garantir a actividade industrial no caso da aparición de brotes do virus.

Esta situación fixo que a dirección de Repsol felicitase publicamente aos seus traballadores e traballadoras por un esforzo que non supoñendo ningún beneficio económico ao seu plantel si que evidenciou un compromiso, manifestado por Repsol, de que non tomaría decisións dramáticas para o seu persoal durante a pandemia cuxo fin se comeza a intuír co incremento nos ritmos de vacinación e por tanto un próximo aumento da mobilidade e o consumo.

É a primeira vez na historia que a empresa toma unha decisión tan drástica como esta e tendo en conta que a pesar de estar nun momento complicado, en tempos de COVID-19, a petroleira tivo un resultado neto axustado no 2020 dun beneficio de 600 millóns de euros. Unha decisión que terá un gran impacto económico en toda a nosa contorna, sumado ao efecto en cascada que vai provocar no emprego das numerosas empresas contratistas vinculadas á refinería.

É o noso desexo e compromiso traballar

*La disminución de la demanda de movilidad y del transporte, derivadas de la irrupción en nuestra sociedad de la pandemia provocada por la COVID-19, provocó unos efectos económicos negativos —además de a muchas otras— a las empresas dedicadas a la producción de combustible.*

*Este fue un sector que durante toda la pandemia estuvo a la altura de las circunstancias gracias al esfuerzo de sus trabajadores, que al ser considerados esenciales adaptaron sus jornadas laborales, incluso con horarios de 12 horas continuadas, para garantizar la actividad industrial en el caso de la aparición de brotes del virus.*

*Esta situación hizo que la dirección de Repsol felicitara públicamente a sus trabajadores y trabajadoras por un esfuerzo que no suponiendo ningún beneficio económico a su plantilla sí que evidenció un compromiso, manifestado por Repsol, de que no tomaría decisiones dramáticas para su personal durante la pandemia cuyo fin se comienza a intuir con el incremento en los ritmos de vacunación y por tanto un próximo aumento de la movilidad y el consumo.*

*Es la primera vez en la historia que la empresa toma una decisión tan drástica como esta y teniendo en cuenta que a pesar de estar en un momento complicado, en tiempos de COVID-19, la petrolera tuvo un resultado neto ajustado en el 2020 de un beneficio de 600 millones de euros. Una decisión que tendrá un gran impacto económico en todo nuestro entorno, sumado al efecto en cascada que va a provocar en el empleo de las numerosas empresas contratistas vinculadas a la refinería.*

*Es nuestro deseo y compromiso trabajar*



para que Repsol reconsidere a decisión de aplicar este ERTE, o cal non está fundamentado en temas económicos e non suporá ningún tipo de aforro para a compañía pero que si afectará a 212 traballadores de forma directa, ademais dos traballadores e traballadoras das contratas xunto coas súas familias e a toda a economía circular dos concellos e comarcas afectadas, co que serían mais de 3.500 persoas as que notarán o impacto de esta medida que quere poñer en marcha Repsol.

Desde este comité de empresa denunciemos que unha empresa do tamaño de Repsol utilice as arcas públicas para pagar os soldos dos seus traballadores e traballadoras ao mesmo tempo que solicita as subvencións e achegas económicas para reforzar a súa actividade. Non se axusta a unha responsabilidade social e de respecto á sociedade onde desenvolve as súas operacións.

O anuncio desta decisión empresarial pon de relevo a importancia do mantemento do emprego de calidade e coloca enriba da mesa a necesidade de manter o tecido industrial desta comarca e por engadido de toda Galicia.

Por todo o exposto o comité de empresa da refinería de A Coruña solicita o apoio e compromiso de todos os grupos políticos presentes no Concello de A Coruña aos traballadores e familias afectadas pola apertura deste ERTE comunicado por Repsol e instan á Xunta de Galicia a traballar conxuntamente, co Goberno do Estado, para que a empresa Repsol reconsidere a posta en marcha do ERTE anunciado e garanta as inversións necesarias para o mantemento da actividade e o emprego nas instalacións de Repsol en A Coruña.

*para que Repsol reconsidere la decisión de aplicar este ERTE, el cual no está fundamentado en temas económicos y no supondrá ningún tipo de ahorro para la compañía pero que sí afectará a 212 trabajadores de forma directa, además de los trabajadores y trabajadoras de las contratas junto con sus familias y a toda la economía circular de los ayuntamientos y comarcas afectadas, con lo que serían más de 3.500 personas las que notarán el impacto de esta medida que quiere poner en marcha Repsol.*

*Desde este comité de empresa denunciemos que una empresa del tamaño de Repsol utilice las arcas públicas para pagar los sueldos de sus trabajadores y trabajadoras al mismo tiempo que solicita las subvenciones y aportaciones económicas para reforzar su actividad. No se ajusta a una responsabilidad social y de respeto a la sociedad donde desarrolla sus operaciones.*

*El anuncio de esta decisión empresarial pone de relieve la importancia del mantenimiento del empleo de calidad y coloca encima de la mesa la necesidad de mantener el tejido industrial de esta comarca y por añadido de toda Galicia.*

*Por todo lo expuesto el comité de empresa de la refinería de A Coruña solicita el apoyo y compromiso de todos los grupos políticos presentes en el Ayuntamiento de A Coruña a los trabajadores y familias afectadas por la apertura de este ERTE comunicado por Repsol e instan a la Xunta de Galicia a trabajar conjuntamente, con el Gobierno del Estado, para que la empresa Repsol reconsidere la puesta en marcha del ERTE anunciado y garantice las inversiones necesarias para el mantenimiento de la actividad y el empleo en las instalaciones de Repsol en A*





Agora si, pasamos ao asunto número 3 de urbanismo.

**URBANISMO,** **VIVENDA,**  
**INFRAESTRUTURAS** **E**  
**MOBILIDADE**

### **Urbanismo**

**80.- Expte. 631/2019/85 (EXC 12/21)**  
**Suspensión cautelar da tramitación de planeamento de desenvolvemento, instrumentos de equidistribución, urbanización e licenzas no ámbito EL-4 Castrillón.**

**Asunto:.** Expte. 631/2019/85 (EXC 12/21). Suspensión cautelar da tramitación de planeamento de desenvolvemento, instrumentos de equidistribución, urbanización e licenzas no ámbito do EL-4 Castrillón

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda celebrada o día 3 de maio de 2021 co voto a favor do Grupo Municipal Socialista e da concelleira non adscrita, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, e as abstencións dos Grupos Municipais do Partido Popular, Marea Atlántica, BNG e da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponéndose ao Pleno Municipal a adopción dos acordos seguintes:

**PRIMEIRO.-** No marco da modificación puntual do PXOM da Norma Zonal nº 8 relativa a equipamentos, proceder ao estudio e análise da posible modificación da cualificación urbanística dos espazos cualificados como EL-4 non obtidos polo Concello da Coruña, para os efectos de determinar a asignación do uso do solo que mellor cumpra as finalidades do principio de desenvolvemento territorial

Coruña.

*Ahora sí, pasamos al asunto número 3 de urbanismo.*

**URBANISMO,** **VIVIENDA,**  
**INFRAESTRUCTURAS** **Y**  
**MOVILIDAD**

### **Urbanismo**

**80.- Expte. 631/2019/85 (EXC 12/21)**  
**Suspensión cautelar de la tramitación de planeamiento de desarrollo, instrumentos de equidistribución, urbanización y licencias en el ámbito EL-4 Castrillón.**

**Asunto:** Expte. 631/2019/85 (EXC 12/21). Suspensión cautelar de la tramitación de planeamiento de desarrollo, instrumentos de equidistribución, urbanización y licencias en el ámbito del EL-4 Castrillón.

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión informativa de Urbanismo y Vivienda celebrada el día 3 de mayo de 2021 con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista y de la concejala no adscrita, D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema, y las abstenciones de los Grupos Municipales del Partido Popular, Marea Atlántica, BNG y de la concejala no adscrita, D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponiéndose al Pleno Municipal la adopción de los acuerdos siguientes:*

**PRIMERO.-** *En el marco de la modificación puntual del PGOM de la Norma Zonal nº 8 relativa a equipamientos, proceder al estudio y análisis de la posible modificación de la calificación urbanística de los espacios calificados como EL-4 no obtenidos por el Ayuntamiento de A Coruña, a los efectos de determinar la asignación del uso del suelo que mejor cumpla las finalidades del*



e urbano sostible, ponderando a necesidade da execución de aparcamentos no dito espazo ou outro usos adecuados.

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamento, xestión do solo incluídos os de expropiación forzosa, execución material e licenzas no ámbito grafado que se xunta ao presente acordo e nas seguintes parcelas catastrais: 9102032NJ4090S y la 9102034NJ4090S.

Asemade, as parcelas obxecto deste acordo de suspensión que non contan con referencia catastral son as delimitadas no plano que se xunta a este acordo.

Xúntase a este acordo a delimitación do ámbito de suspensión grafada no plano que se achega, así como o resume executivo.

A duración máxima do acordo de suspensión será dun ano.

Sen prexuízo do anterior, a dita medida cautelar poderá ser obxecto de alzamento no marco da tramitación da modificación puntual.

A suspensión non afectará aos usos e actividades sinalados no art. 86.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que foi aprobado o regulamento da Lei do Solo.

TERCEIRO.- Publicar o acordo de suspensión no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na sede electrónica do Concello.

CUARTO.- Notificar este acordo aos

*principio de desarrollo territorial y urbano sostenible, ponderando la necesidad de la ejecución de aparcamientos en dicho espacio u otros usos adecuados.*

*SEGUNDO.- Aprobar la propuesta de suspensión cautelar de tramitación de instrumentos de planeamiento, gestión del suelo incluidos los de expropiación forzosa, ejecución material y licencias en el ámbito grafiado que se adjunta al presente acuerdo y en las siguientes parcelas catastrales: 9102032NJ4090S y la 9102034NJ4090S.*

*Al mismo tiempo, las parcelas objeto de este acuerdo de suspensión que no cuentan con referencia catastral son las delimitadas en el plano que se adjunta a este acuerdo.*

*Se adjunta a este acuerdo la delimitación del ámbito de suspensión grafiada en el plano que se incorpora, así como el resumen ejecutivo.*

*La duración máxima del acuerdo de suspensión será de un año.*

*Sin perjuicio de lo anterior, dicha medida cautelar podrá ser objeto de levantamiento en el marco de la tramitación de la modificación puntual.*

*La suspensión no afectará a los usos y actividades señalados en el art. 86.3 del Decreto 143/2016, de 22 de septiembre, por el que fue aprobado el reglamento de la Ley del Suelo.*

*TERCERO.- Publicar el acuerdo de suspensión en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia, así como en la sede electrónica del Ayuntamiento.*

*CUARTO.- Notificar este acuerdo a los*

Departamentos municipais implicados na execución do planeamento.

### **Presidencia**

Ten a palabra en primeiro lugar o señor Díaz Villoslada.

Para expoñer este punto despois haberá unha única quenda de 3 minutos para cada un dos voceiros ou voceiras.

Señor Díaz Villoslada, cando queira.

### **Señor Díaz Villoslada**

Si, grazas señora alcaldesa.

Bo día a toda a Corporación así como aos medios e ó persoal que nos acompaña.

Traemos hoxe unha proposta do ámbito urbanístico para acordar, como di o título do asunto, a suspensión cautelar de planeamento de desenvolvemento, de instrumentos de xestión e de execución urbanística no ámbito do EL-4 no Castrillón.

Como sabemos, o vixente Plan Xeral establece unha programación da súa execución por cuatrienios no documento 07, estratexia de adecuación, estudo económico, apartado c, programa de actuación-, contemplando para o terceiro cuatrienio a execución do EL-4.

Como sabemos tamén, no ano 2018 fora suscrito un acordo expropiatorio, por mutuo acordo, con respecto a unha das porcións do EL-4 que ten entrada pola rúa José M<sup>a</sup> Hernánsaez e pola avenida da Concordia. Unha superficie de 2.238,63 metros cadrados e na que, por certo, estamos a rematar un proxecto de reurbanización para ese espazo público en contacto tamén con asociacións de

*Departamentos municipales implicados en la ejecución del planeamiento.*

### **Presidencia**

*Tiene la palabra en primer lugar el señor Díaz Villoslada.*

*Para exponer este punto después habrá un único turno de 3 minutos para cada uno de los portavoces o las portavoces.*

*Señor Díaz Villoslada, cuando quiera.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí, gracias señora alcaldesa.*

*Buenos días a toda la Corporación así como a los medios y al personal que nos acompaña.*

*Traemos hoy una propuesta del ámbito urbanístico para acordar, como dice el título del asunto, la suspensión cautelar de planeamiento de desarrollo, de instrumentos de gestión y de ejecución urbanística en el ámbito del EL-4 en el Castrillón.*

*Como sabemos, el vigente Plan General establece una programación de su ejecución por cuatrienios en el documento 07, estrategia de adecuación, estudio económico, apartado c, programa de actuación-, contemplando para el tercer cuatrienio la ejecución del EL-4.*

*Como sabemos también, en el año 2018 había sido suscrito un acuerdo expropiatorio, por mutuo acuerdo, con respecto a una de las porciones del EL-4 que tiene entrada por la calle José M<sup>a</sup> Hernánsaez y por la avenida de la Concordia. Una superficie de 2.238,63 metros cuadrados y en la que, por cierto, estamos finalizando un proyecto de reurbanización para ese espacio público*

veciños.

Os obxectivos desta ficha EL-4 eran e son, obter o chan necesario para o sistema local de espazos libres que permite a implantación dun aparcamento na planta subterránea e o edificio de aparcamento posibilitaría o axardinamento na cuberta. Pero dende a aprobación definitiva do Plan Xeral no ámbito do barrio do Castrillón teñen xurdido —como comentamos na propia Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda deste luns— determinados hitos que afectan á necesidade de repensar o artellamento de diversos sistemas de dotacións públicas e equipamentos, tendo en conta ademais algunhas normas urbanísticas xerais, a partir da Lei 2/2016, posteriores á vixencia e á aprobación do Plan Xeral de 2013 con carácter definitivo. E así por exemplo entre estes citar a sentenza do 3 de xullo de 2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anula o acordo do 26 de decembro de 2014, que aproba definitivamente o proxecto de compensación do API Q28 Parque de Oza e que ordena retrotraer as actuacións ao momento da súa aprobación inicial. Ou tamén téñense, recordar que se teñen iniciado todos os trámites para o cambio de sistema de actuación de compensación á cooperación no API R28-2 en Antonio Ríos que onte, precisamente na Xunta de Goberno Local, aprobamos inicialmente.

Tamén recordar, entre estes feitos que afectan á xustificación desta suspensión, é que está pendente todavía o desenvolvemento do API R29 relativo á rúa Bergondo C de Eirís e Oleoducto.

Sabemos que como dicía esta normativa posterior e sobrevida ó propio Plan Xeral

*en contacto tamén con asociacións de veciños.*

*Los objetivos de esta ficha EL-4 eran y son, obtener el suelo necesario para el sistema local de espacios libres que permite la implantación de un aparcamiento en la planta subterránea y el edificio de aparcamiento posibilitaría el ajardinamiento en la cubierta. Pero desde la aprobación definitiva del Plan General en el ámbito del barrio del Castrillón han surgido —como comentamos en la propia Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda de este lunes— determinados hitos que afectan a la necesidad de repensar la articulación de diversos sistemas de dotaciones públicas y equipamientos, teniendo en cuenta además algunas normas urbanísticas generales, a partir de la Ley 2/2016, posteriores a la vigencia y a la aprobación del Plan General de 2013 con carácter definitivo. Y así por ejemplo entre estos citar la sentencia del 3 de julio de 2020 del Tribunal Superior de Justicia de Galicia que anula el acuerdo de 26 de diciembre de 2014, que aprueba definitivamente el proyecto de compensación del API Q28 Parque de Oza y que ordena retrotraer las actuaciones al momento de su aprobación inicial. O también se tienen, recordar que se han iniciado todos los trámites para el cambio de sistema de actuación de compensación a la cooperación en el API R28-2 en Antonio Ríos que ayer, precisamente en la Xunta de Gobierno Local, aprobamos inicialmente.*

*También recordar, entre estos hechos que afectan a la justificación de esta suspensión, es que está pendiente todavía el desarrollo del API R29 relativo a la calle Bergondo C de Eirís y Oleoducto.*

*Sabemos que como decía esta normativa posterior y sobrevenida al propio Plan*



que ten entrada en vigor en 2013, como é o propio Regulamento da Lei do Solo de Galicia, ten importantes novidades na configuración e diferenciación entre as condicións de reservas de solo para o sistema de espazos libres e de zonas verdes, y así o seu artigo 70 no punto 6 establece como a superficie considerada de espazos libres non poderá ser superior ó 25 % do sistema do ámbito correspondente e deberá corresponder como mínimo ó 75 % da reserva a zonas verdes. Establece unha serie de condicións para establecer os criterios de configuración das áreas de xogo dos xardíns, dos parques, establecendo tamén que pola contra os espazos libres serán os espazos que non cumpran coas características para ser determinados como zonas verdes.

A previsión actual desta ficha do EL-4 no Castrillón, de execución de aparcamento na planta soterrada, non é unha previsión inmediata, xa que a súa implantación ademais podería esixir ou aconsellar a conveniencia de abordar un plan especial de infraestruturas e de dotacións, e por iso consideramos —e se considera desde os servizos técnicos de Urbanismo— a necesidade de verificar este aparcamento en subsolo na totalidade do EL-4, debéndose de ter en conta que no fronte de acceso a esta parcela, na rúa Miramar Castrillón, é de aproximadamente 5,25 metros, atopándose unha parcela colindante no fronte, na dita rúa, de 4,65 metros, excluída do dito EL-4 como se pode observar na planimetría que se achega a este expediente. Y así, consideramos que resulta conveniente ponderar a adecuación de esta acción prevista no EL-4 co gallo das novas disposicións legais, como dicía, vixentes tras a aprobación do Plan Xeral de 2013.

*General que tiene entrada en vigor en 2013, como es el propio Reglamento de la Ley del Suelo de Galicia, tiene importantes novedades en la configuración y diferenciación entre las condiciones de reservas de suelo para el sistema de espacios libres y de zonas verdes, y así su artículo 70 en el punto 6 establece cómo la superficie considerada de espacios libres no podrá ser superior al 25 % del sistema del ámbito correspondiente y deberá corresponder como mínimo al 75 % de la reserva a zonas verdes. Establece una serie de condiciones para establecer los criterios de configuración de las áreas de juego de los jardines, de los parques, estableciendo también que por el contrario los espacios libres serán los espacios que no cumplan con las características para ser determinados como zonas verdes.*

*La previsión actual de esta ficha del EL-4 en el Castrillón, de ejecución de aparcamiento en la planta soterrada, no es una previsión inmediata, ya que su implantación además podría exigir o aconsejar la conveniencia de abordar un plan especial de infraestructuras y de dotaciones, y por eso consideramos —y se considera desde los servicios técnicos de Urbanismo— la necesidad de verificar este aparcamiento en subsuelo en la totalidad del EL-4, debiéndose tener en cuenta que en el frente de acceso a esta parcela, en la calle Miramar Castrillón, es de aproximadamente 5,25 metros, encontrándose una parcela colindante enfrente, en dicha calle, de 4,65 metros, excluida del dicho EL-4 cómo se puede observar en la planimetría que se adjunta a este expediente. Y así, consideramos que resulta conveniente ponderar la adecuación de esta acción prevista en el EL-4 con motivo de las nuevas disposiciones legales, como decía, vigentes tras la aprobación del Plan General de 2013.*



Procede así adoptar este acordo de suspensión de planeamento xeral vixente neste ámbito para estudar unha posible modificación puntual de planeamento que afecte aos terreos calificados como EL-4 na parte aínda non transferida á titularidade municipal, sobre todo lembrando que debemos insertar esta suspensión y esta posible modificación puntual de planeamento na tramitación que estamos a levar a cabo da norma zonal 8 de equipamentos que xa ten superado a fase da avaliación ambiental estratéxica e que estamos a rematar para presentar a fase de aprobación inicial.

Lembrar que as distintas sentencias do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia lembran como a finalidade da suspensión, que ten carácter facultativo e por prazo legal non superior a un ano, é unha medida cautelar viable para estudar a reforma ou a modificación do propio planeamento. Lembremos tamén como as sentencias do Supremo establecen esta posibilidade mesmo cando poidan existir solicitudes de expedientes expropiatorios por ministerio da propia lei. E incluso o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, como lembrábase tamén no expediente no que acordábase unha suspensión cautelar no ámbito do polígono dos Rosales, pódese circunscribir non só o outorgamento de licencias senón tamén, como é o caso, aos instrumentos de planeamento. Por iso nesta proposta de acordo lévase a consideración de que no marco da modificación puntual desa norma zonal 8, que temos en trámite e rematado de avaliación ambiental estratéxica relativa a equipamentos, facer o estudo deste ámbito EL-4 no Castrillón e aprobar conseguintemente a necesaria suspensión cautelar de tramitación destes instrumentos de

*Procede así adoptar este acuerdo de suspensión de planeamiento general vigente en este ámbito para estudiar una posible modificación puntual de planeamiento que afecte a los terrenos calificados como EL-4 en la parte aún no transferida a la titularidad municipal, sobre todo recordando que debemos insertar esta suspensión y esta posible modificación puntual de planeamiento en la tramitación que estamos llevando a cabo de la norma zonal 8 de equipamientos que ya ha superado la fase de la evaluación ambiental estratégica y que estamos finalizando para presentar la fase de aprobación inicial.*

*Recordar que las distintas sentencias del Tribunal Superior de Justicia de Galicia recuerdan cómo la finalidad de la suspensión, que tiene carácter facultativo y por plazo legal no superior a un año, es una medida cautelar viable para estudiar la reforma o la modificación del propio planeamiento. Recordemos también cómo las sentencias del Supremo establecen esta posibilidad incluso cuando puedan existir solicitudes de expedientes expropiatorios por ministerio de la propia ley. E incluso el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, como recordábamos también en el expediente en el que había acordado una suspensión cautelar en el ámbito del polígono de Los Rosales, se puede circunscribir no solo el otorgamiento de licencias sino también, como es el caso, a los instrumentos de planeamiento. Por eso en esta propuesta de acuerdo se lleva la consideración de que en el marco de la modificación puntual de esa norma zonal 8, que tenemos en trámite y finalizado de evaluación ambiental estratégica relativa a equipamientos, hacer el estudio de este ámbito EL-4 en el Castrillón y aprobar como consecuencia la necesaria suspensión cautelar de tramitación de*

planeamento de xestión do solo, incluídos os de expropiación forzosa e execución material e licencias no ámbito grafiado precisamente nas parcelas catastrais que se achegan no expediente.

Como dicía, esta suspensión que ten carácter facultativo terá unha duración máxima de un ano.

Conta a proposta coa conformidade da Secretaría Xeral do Pleno, como tivemos ocasión de analizar no debate e ditame da propia Comisión de Urbanismo e de Vivenda que se desenvolveu neste pasado luns.

Polo tanto, mais nada, esta sería a proposta que levamos para a consideración e, se proceder, á aprobación deste Pleno.

Grazas

### **Presidencia**

Moitas grazas señor Díaz Villoslada.

Iniciamos a quenda de debate. Señora Faraldo, tres minutos

### **Señora Faraldo Calvo**

Bos días señora alcaldesa, concelleiros e concelleiras, persoal traballador do Concello, prensa e veciñanza que nos segue en directo ou por *streaming*.

Comezar esta intervención amosando o pesar polo recente asasinato dos dous periodistas españois en Burkina Faso, David Beriain e Roberto Fraile, nunha emboscada cando rodaban un documental sobre a caza furtiva. O periodismo en letras maiúsculas, ese que

*estos instrumentos de planeamiento de gestión del suelo, incluidos los de expropiación forzosa y ejecución material y licencias en el ámbito grafiado precisamente en las parcelas catastrales que se adjuntan en el expediente.*

*Como decía, esta suspensión que tiene carácter facultativo tendrá una duración máxima de un año.*

*Cuenta la propuesta con la conformidad de la Secretaría General del Pleno, como tuvimos ocasión de analizar en el debate y dictamen de la propia Comisión de Urbanismo y de Vivienda que se desarrolló en este pasado lunes.*

*Por lo tanto, nada más, esta sería la propuesta que llevamos para la consideración y, de proceder, a la aprobación de este Pleno.*

Gracias

### **Presidencia**

*Muchas gracias señor Díaz Villoslada.*

*Iniciamos el turno de debate. Señora Faraldo, tres minutos*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Buenos días señora alcaldesa, concejales y concejales, personal trabajador del Ayuntamiento, prensa y vecindario que nos sigue en directo o a través de la señal del “streaming”.*

*Comenzar esta intervención mostrando el pesar por el reciente asesinato de los dos periodistas españoles en Burkina Faso, David Beriain y Roberto Fraile, en una emboscada cuando rodaban un documental sobre la caza furtiva. El periodismo en letras mayúsculas, ese que*

se deixa a pel en investigar, contrastar e divulgar información veraz, queda orfo de dous grandes representantes e non queríamos desde Podemos A Coruña ser alleos ao dolor das súas mortes. Fronte a un pseudoperiodismo de bulos, mentiras, noticias tendenciosas, ese outro, o de verdade, perde a dous dos seus grandes fillos. Vaia desde aquí esta pequena homenaxe.

Celebrar tamén a declaración institucional aos traballadores de Repsol, pero non podemos deixar de lamentar que decaese, por falta de apoio do PP, a que nós solicitábamos en apoio á familia e a cooperante detida polo exército israelí, Juana Ruíz Sánchez, por inxusta e dolorosa situación pola que está pasando a traballadora humanitaria.

Agradecer que no Congreso, Unidas Podemos, o PSOE e dez formacións mais, elevaran unha carta á embaixadora de Israel en España para pedir a inmediata liberación. E hoxe tamén o corazón encollido polo pobo colombiano.

Tamén hoxe, recién celebrado o 1 de maio, unha lembranza para todos os traballadores e traballadoras que saben que as conquistas dos seus dereitos é un largo camiño que non se pode percorrer en solitario. Vaia ademais de o apoio aos traballadores de Repsol, os de Naturgy, ó persoal traballador da limpeza e á súa próxima folga estes días, a exemplar loita dos traballadores da recién intervida pola xustiza Alu Ibérica, ós que loitan contra os despedimentos en Kimak, antigo Grupo Caamaño, con moitos coruñeses e coruñesas na súa plantilla, á plantilla de Nostián, en defensa das súas condicións laborais, entre outros conflitos existentes. Unha Coruña que perde forza empresarial e industrial ten que facer replantexarnos unha loita

*se deja la piel en investigar, contrastar y divulgar información veraz, queda huérfano de dos grandes representantes y no queríamos desde Podemos A Coruña ser ajenos al dolor de sus muertes. Frente a un pseudoperiodismo de bulos, mentiras, noticias tendenciosas, ese otro, el de verdad, pierde a dos de sus grandes hijos. Vaya desde aquí este pequeño homenaje.*

*Celebrar también la declaración institucional a los trabajadores de Repsol, pero no podemos dejar de lamentar que decayera, por falta de apoyo del PP, la que nosotros solicitábamos en apoyo a la familia y a la cooperante detenida por el ejército israelí, Juana Ruíz Sánchez, por injusta y dolorosa situación por la que está pasando la trabajadora humanitaria.*

*Agradecer que en el Congreso, Unidas Podemos, el PSOE y diez formaciones más, elevaran una carta a la embajadora de Israel en España para pedir la inmediata liberación. Y hoy también el corazón encogido por el pueblo colombiano.*

*También hoy, recién celebrado el 1 de mayo, un recuerdo para todos los trabajadores y trabajadoras que saben que las conquistas de sus derechos es un largo camino que no se puede recorrer en solitario. Vaya además del apoyo a los trabajadores de Repsol, los de Naturgy, al personal trabajador de la limpieza y a su próxima huelga estos días, la ejemplar lucha de los trabajadores de la recién intervenida por la justicia Alu Ibérica, a los que luchan contra los despidos en Kimak, antiguo Grupo Caamaño, con muchos coruñeses y coruñesas en su plantilla, a la plantilla de Nostián, en defensa de sus condiciones laborales, entre otros conflictos existentes. Una Coruña que pierde fuerza empresarial e industrial tiene que hacer replantearnos*

conxunta en defensa dos intereses da cidade, aquí e mais alá da Ponte da Pasaxe.

Bueno, centrando o asunto a tratar, dicir que visto o informe de proposta de suspensión cautelar do planeamento de desenvolvemento, xestión e execución urbanística do EL-4 que afecta a solares do barrio do Castrillón, delimitadas no plano que se adxunta no propio informe e unha vez falado coa Asociación de Veciños a través do seu presidente, co obxecto de trasladar o noso posicionamento e contrastalo para contar coa súa aprobación, pois pola nosa parte, en canto aos seus acordos propostos de suspensión cautelar na tramitación de instrumentos de planeamento, xestión de solo, execución material e licencias nas parcelas catastrais que se referencian no propio informe, pois dicir que votaremos a favor deste asunto.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas señora Faraldo.

Señora Veira

### **Señora Veira González**

En primeiro lugar un saúdo aos membros da Corporación, ós xornalistas e ás xornalistas que van dar conta deste Pleno. Tamén ós funcionarios e funcionarias que están hoxe, que van permitir que se desenvolva este Pleno e ás persoas que nos seguen por *streaming* e tamén dende a tribuna.

Quero comezar a miña intervención chamando a atención sobre unha cuestión, porque xa levamos cando menos un par de plenos nos que os

*una lucha conjunta en defensa de los intereses de la ciudad, aquí y más allá del Puente del Pasaje.*

*Bueno, centrando el asunto a tratar, decir que visto el informe de propuesta de suspensión cautelar del planeamiento de desarrollo, gestión y ejecución urbanística del EL-4 que afecta a solares del barrio del Castrillón, delimitadas en el plano que se adjunta en el propio informe y una vez hablado con la Asociación de Vecinos a través de su presidente, con el objeto de trasladar nuestro posicionamiento y contrastarlo para contar con su aprobación, pues por nuestra parte, en cuanto a sus acuerdos propuestos de suspensión cautelar en la tramitación de instrumentos de planeamiento, gestión de suelo, ejecución material y licencias en las parcelas catastrales que se referencian en el propio informe, pues decir que votaremos a favor de este asunto.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias señora Faraldo.*

*Señora Veira.*

### **Señora Veira González**

*En primer lugar un saludo a los miembros de la Corporación, a los periodistas y a las periodistas que van a dar cuenta de este Pleno. También a los funcionarios y funcionarias que están hoy, que van a permitir que se desarrolle este Pleno y a las personas que nos siguen en directo y también desde la tribuna.*

*Quiero comenzar mi intervención llamando la atención sobre una cuestión, porque ya llevamos cuando menos un par de plenos en los que los asuntos de*



asuntos de goberno son simplemente —digámolo así— asuntos menores, cando temos pendentes por traer a este Salón de Plenos asuntos tan importantes como o PRESCO, tan importantes como esa segunda parte dos convenios nominativos da que se falou por parte do Goberno municipal, ou a ampliación do capital de EMVSA, por falar dalgunhas cuestións que nós, desde o BNG, traemos a este pleno en iniciativas propias.

Dito isto, sobre o asunto de Pleno, parécenos axeitada, e polo tanto xa adianto o apoio do Grupo Municipal do BNG, esta suspensión de licenzas e doutros instrumentos no AL, perdón, no EL-4 do Castrillón.

Parécenos ben ir parándonos na aplicación do PXOM con criterios de sustentabilidade, ogallá se fixese en todos os, en todas as partes do PXOM, en todas e cada unha pois dos impulsos que se lle da ó PXOM, como por exemplo podería ser no caso das Percebeiras. Pero en todo caso está ben parármolos e ver se é preciso ou non un aparcadoiro no subsolo ou se é o mellor para o barrio do Castrillón cubrir outras necesidades no seu espazo público.

Dito isto, a cuestión que agora se debate xa foi suscitada polo BNG no Pleno do 8 de abril no que presentamos unha moción relativa ó barrio das Flores. Naquela moción, aprobada por unanimidade, incluíase un punto que dicía textualmente o seguinte: mellora da separación do tránsito rodado e peonil en todo o barrio; con tal obxecto demandar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, titular da estrada AC 10 a adopción de medidas para calmar o tráfico e incrementar a seguranza dos peóns na devandita vía.

Ben, posibelmente a AC 10 é unha estrada mal deseñada dende o principio e debeu pensarse noutra solución á hora de crear un novo acceso ó porto. Trátase dunha estrada que discorre no medio de dous barrios moi populosos, como son o barrio das Flores e Matogrande, dificultando a relación entre eles e acentuando o illamento de Matogrande. Un barrio bordeado, por unha banda, pola AC 10, e pola outra pola AC 11, avenida Alfonso Molina. A AC 10 é ademais unha estrada cunha alta densidade de tráfico. Ademais de turismos absorbe moito tráfico pesado de entrada e saída do porto e tamén, como

*yate. No voy a entrar a comentar esas cuestiones.*

*Bien, y con respecto a lo que manifestó el señor Lage Tuñas, simplemente me asaltó una duda: ¿estoy yo confundido o en el Estado hay un gobierno de coalición entre el Partido Socialista y Podemos? Me asaltó esa duda, nada más.*

***A las once horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade y salen la señora Cameán Calvete y el señor Celemín Santos.***

*Dicho esto, la cuestión que ahora se debate ya fue suscitada por el BNG en el Pleno de 8 de abril en el que presentamos una moción relativa al barrio de las Flores. En aquella moción, aprobada por unanimidad, se incluía un punto que decía textualmente lo siguiente: mejora de la separación del tránsito rodado y peatonal en todo el barrio; a tal objeto demandar del Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, titular de la carretera AC 10 la adopción de medidas para calmar el tráfico e incrementar la seguridad de los peatones en dicha vía.*

*Bien, posiblemente la AC 10 es una carretera mal diseñada desde el principio y debió pensarse en otra solución a la hora de crear un nuevo acceso al puerto. Se trata de una carretera que discurre en medio de dos barrios muy populosos, como son el barrio de las Flores y Matogrande, dificultando la relación entre ellos y acentuando el aislamiento de Matogrande. Un barrio bordeado, por una parte, por la AC 10, y por la otra por la AC 11, avenida Alfonso Molina. La AC 10 es además una carretera con una alta densidad de tráfico. Además de turismos absorbe mucho tráfico pesado de entrada y salida del puerto y también, como se dice*



se di na exposición de motivos da moción, tráfico de ambulancias por mor da cercanía do CHUAC.

**Ás once horas e corenta e dous minutos entra no Salón de Sesións o señor Lema Suárez.**

Ademais é previsíbel que o tráfico vaia en aumento a medida que se vaian instalando novos moradores en Xuxán, pois esta estrada é tamén unha das vías de acceso a este novo barrio e o seu trazado, o trazado da AC 10, sobre todo en dirección a avenida de San Cristovo, é enormemente perigoso. Os camións saen costa abaixo e en curva dun túnel para atoparse pouco despois cun semáforo e unha vía de incorporación pola dereita, e como ben di o Grupo proponente os camións non teñen a manobrabilidade nin a rapidez de freado dun turismo. Ademais as beirarrúas nese punto son moi estreitas e sen ningunha protección para os peóns.

Por esas razóns pensamos que urxe a adopción de medidas para calmar o tráfico, incrementar a seguranza nesa vía e, sobre todo, incrementar a seguranza dos peóns.

Polas razóns devanditas votaremos a favor desta moción.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Pola Marea Atlántica, señora Delso, ten a palabra.

### **Señora Delso Carreira**

Si, moi bo día a todas as compañeiras e compañeiros de Corporación,

*en la exposición de motivos de la moción, tráfico de ambulancias a causa de la cercanía del CHUAC.*

*A las once horas y cuarenta y dos minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lema Suárez.*

*Además es previsible que el tráfico vaya en aumento a medida que se vayan instalando nuevos moradores en Xuxán, pues esta carretera es también una de las vías de acceso a este nuevo barrio y su trazado, el trazado de la AC 10, sobre todo en dirección a avenida de San Cristovo, es enormemente peligroso. Los camiones salen cuesta abajo y en curva de un túnel para encontrarse poco después con un semáforo y una vía de incorporación por la derecha, y como bien dice el Grupo proponente los camiones no tienen la maniobrabilidad ni la rapidez de frenado de un turismo. Además las aceras en ese punto son muy estrechas y sin ninguna protección para los peatones.*

*Por esas razones pensamos que urge la adopción de medidas para calmar el tráfico, incrementar la seguridad en esa vía y, sobre todo, incrementar la seguridad de los peatones.*

*Por las razones dichas votaremos a favor de esta moción.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por la Marea Atlántica, señora Delso, tiene la palabra.*

### **Señora Delso Carreira**

*Sí, muy buenos días a todas las compañeras y compañeros de*

traballadores e traballadores do Concello, profesionais dos medios de comunicación, técnicos que facedes posible a realización deste pleno, por suposto a toda a veciñanza que nos acompañades no Salón de Plenos, e tamén a toda a que nos estades seguindo a través do sistema de *streaming*.

Falamos nesta moción de seguridade vial na estrada da ronda de Camilo José Cela, a coñecida como AC 10 que ó seu paso entre o barrio das Flores e o barrio de Matogrande presenta puntos moi perigosos, sobre todo para o tránsito peonil.

**Ás once horas e corenta e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora alcaldesa e pasa a presidir a sesión.**

Temos constancia, ademais, de que dende a Asociación de Veciños de Matogrande remitiron recentemente un escrito dirixido ó Ministerio de Fomento no que solicitaban expresamente un valado de protección para a AC 10 á altura da ronda Camilo José Cela, en paralelo á rúa Begonias, dende a saída do túnel de Eirís, debido á perigosidade para os peóns deste tramo concreto da beirarrúa en caso de saída de vehículos da vía, tal e como sucedeu —como xa se mencionou— recentemente.

Como non podía ser doutra maneira, estamos moi de acordo coa preocupación e coa demanda que nos traslada a entidade veciñal e por iso apoiaremos esta moción.

Gustaríame aproveitar esta intervención para lembrar que estamos a moi poucos días de que entre en vigor a normativa da DXT que aplicará a todo o Estado e que obriga a reducir a velocidade nas vías

*Corporación, trabaxadores y trabaxadores del Ayuntamiento, profesionales de los medios de comunicación, técnicos que hacéis posible a realización de este pleno, por supuesto a todo el vecindario que nos acompañáis en el Salón de Plenos, y también a todo el que nos estáis siguiendo a través de la retransmisión en directo.*

*Hablamos en esta moción de seguridad vial en la carretera de la ronda de Camilo José Cela, la conocida como AC 10 que a su paso entre el barrio de las Flores y el barrio de Matogrande presenta puntos muy peligrosos, sobre todo para el tránsito peatonal.*

***A las once horas y cuarenta y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora alcaldesa y pasa a presidir la sesión.***

*Tenemos constancia, además, de que desde la Asociación de Vecinos de Matogrande remitieron recientemente un escrito dirigido al Ministerio de Fomento en el que solicitaban expresamente un vallado de protección para la AC 10 a la altura de la ronda Camilo José Cela, en paralelo a la calle Begonias, desde la salida del túnel de Eirís, debido a la peligrosidad para los peatones de este tramo concreto de la acera en caso de salida de vehículos de la vía, tal y como sucedió —como ya se mencionó— recientemente.*

*Como no podía ser de otra manera, estamos muy de acuerdo con la preocupación y con la demanda que nos traslada la entidad vecinal y por eso apoyaremos esta moción.*

*Me gustaría aprovechar esta intervención para recordar que estamos a muy pocos días de que entre en vigor a normativa de la DGT que aplicará a todo el Estado y que obliga a reducir la velocidad en las*

urbanas ós 30 quilómetros/hora. Esta medida coñecida como “Cidade 30” é vital para o calmado do tráfico na nosa cidade, para facela máis amable e máis humana, na liña do traballo iniciado no mandato pasado coa Marea Atlántica.

**Ás once horas e corenta e cinco minutos entran no Salón de Sesiós as señoras Cendán Gayoso, Gutiérrez Roselló e Neira Fernández.**

A pacificación das vías é vital tamén para reducir a siniestralidade vial dos grupos vulnerables, singularmente peóns e ciclistas.

Na última xuntanza recente da Mesa da Mobilidade deuse conta da situación da implantación e dos avances desta medida na nosa cidade, e gustárame aproveitar para parabenizar publicamente o grupo técnico de circulación da Mesa da Mobilidade, que foi o encargado de realizar esta proposta. E gustárame tamén lembrar a importancia que ten unha medida deste calado para que vaia acompañada tamén, non só de información á veciñanza, senón tamén da atención e a mellora do tránsito peonil en todos os barrios da nosa cidade, por suposto, e dunha aposta e dun fomento decidido polo transporte público colectivo que cubra e atenda as necesidades de todos os barrios por igual. Nese sentido, cómpre lembrar que seguen pendentes as bonificacións pactadas así como a necesaria modificación global do mapa de liñas.

E, por suposto, é fundamental continuar apostando pola mobilidade en bicicleta, despois do salto cualitativo logrado no mandato pasado, con multiplicación dos carriles bici e coa consecución dos fondos europeos necesarios para a

*vías urbanas a los 30 kilómetros/hora. Esta medida conocida como “Ciudad 30” es vital para el calmado del tráfico en nuestra ciudad, para hacerla más amable y más humana, en la línea del trabajo iniciado en el mandato pasado con la Marea Atlántica.*

*A las once horas y cuarenta y cinco minutos entran en el Salón de Sesiones las señoras Cendán Gayoso, Gutiérrez Roselló y Neira Fernández.*

*La pacificación de las vías es vital también para reducir la siniestralidad vial de los grupos vulnerables, singularmente peatones y ciclistas.*

*En la última reunión reciente de la Mesa de la Movilidad se dio cuenta de la situación de la implantación y de los avances de esta medida en nuestra ciudad, y me gustaría aprovechar para felicitar públicamente el grupo técnico de circulación de la Mesa de la Movilidad, que fue el encargado de realizar esta propuesta. Y me gustaría también recordar la importancia que tiene una medida de este calado para que vaya acompañada también, no solo de información al vecindario, sino también de la atención y la mejora del tránsito peatonal en todos los barrios de nuestra ciudad, por supuesto, y de una apuesta y de un fomento decidido por el transporte público colectivo que cubra y atienda las necesidades de todos los barrios por igual. En ese sentido, hace falta recordar que siguen pendientes las bonificaciones pactadas así como la necesaria modificación global del mapa de líneas.*

*Y, por supuesto, es fundamental continuar apostando por la movilidad en bicicleta, después del salto cualitativo logrado en el mandato pasado, con multiplicación de los carriles bici y con la consecución de los fondos europeos necesarios para la*

implantación da bicicleta eléctrica, que xa está por fin máis preto de ser unha realidade na Coruña.

Máis nada, moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Delso.

Polo Grupo Popular, señor Deus.

### **Señor Deus Álvarez**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Señora Faraldo, con todo o respecto e o cariño do mundo, o outro día votouse entre jarabe ou libertad. A sociedade española votou libertad.

Efectivamente, o tramo da AC 10, a rolda de Camilo José Cela que discurre entre os barrios das Flores e Matogrande é unha estrada que ten unha intensidade de tráfico importante, sobre todo en determinadas franxas horarias. É constatable polos que somos condutores que a rotonda que se atopa nesta estrada no cruzamento coa avenida Salvador de Madariaga e a avenida do Ferrocarril ocasiona importantes retencións en momentos puntuais. É un tramo de vial ó que chegan vehículos procedentes de Monelos, do barrio das Flores, de Xuxán, do Castrillón, de Eirís e de Matogrande que unido ó tráfico portuario que discorre por ese tramo ocasiona nalgúns momentos un colapso importante do tráfico.

Trátase dun vial de titularidade estatal que discorre por un centro urbano consolidado, atravesando unha parte da cidade onde os usos son maioritariamente residenciais. Dispón de cinco carrís, cunha plataforma ancha

*implantación de la bicicleta eléctrica, que ya está por fin más cerca de ser una realidad en A Coruña.*

*Más nada, muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Delso.*

*Por el Grupo Popular, señor Deus.*

### **Señor Deus Álvarez**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Señora Faraldo, con todo el respeto y el cariño del mundo, el otro día se votó entre jarabe o libertad. La sociedad española votó libertad.*

*Efectivamente, el tramo de la AC 10, la ronda de Camilo José Cela que discurre entre los barrios de las Flores y Matogrande es una carretera que tiene una intensidad de tráfico importante, sobre todo en determinadas franjas horarias. Es constatable por los que somos conductores que la rotonda que se encuentra en esta carretera en el cruce con la avenida Salvador de Madariaga y la avenida del Ferrocarril ocasiona importantes retenciones en momentos puntuales. Es un tramo de vial al que llegan vehículos procedentes de Monelos, del barrio de las Flores, de Xuxán, del Castrillón, de Eirís y de Matogrande que unido al tráfico portuario que discurre por ese tramo ocasiona en algunos momentos un colapso importante del tráfico.*

*Se trata de un vial de titularidad estatal que discurre por un casco urbano consolidado, atravesando una parte de la ciudad donde los usos son mayoritariamente residenciales. Dispone de cinco carriles, con una plataforma*

e que dalgunha maneira forma unha barreira que divide os barrios de Matogrande e do barrio das Flores. A limitación de velocidade nesta vía ten un máximo de 50 quilómetros/hora e un dos carrís en cada sentido a esquerda limítase a 40 quilómetros/hora. A nova ordenanza de tráfico que entrará en vigor estes días pode ser unha oportunidade para organizar a circulación nesta vía.

**Ás once horas e corenta e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora Cameán Calvete.**

Sen dúbida, a mobilidade nesta zona verase modificada por tres intervencións previstas. A primeira é a conexión con Xuxán e Matogrande, a segunda é a conexión que se realizará entre Xuxán e Eirís desde a Residencia Santa Teresa de Jornet, e por último, e a máis longo prazo, a conexión de Xuxán cun ramal que entre directamente en Alfonso Molina. Todos eles permitirán reducir o tráfico en dirección á rolda Camilo José Cela, dando posibilidade dun itinerario alternativo ós condutores.

Sen dúbida que o tráfico pesado procedente do porto pode influír tamén na dificultade do tráfico en determinados momentos. Tamén é certo que é un vial que conecta o porto casi directamente co polígono da Grela e con facilidade co polígono de Pocomaco, e o é tanto para o tráfico de mercadorías como de traballadores. Por iso parécenos adecuadas as medidas que se poden tomar para controlar o tráfico e a velocidade dos vehículos, e por suposto, aínda que existen cruces regulados por semáforos, hai que tratar de garantir unha boa conexión peonil entre o barrio das Flores e Matogrande, e Xuxán, e viceversa.

Aínda que existen beirarrúas en ambas

*ancha y que de alguna manera forma una barrera que divide los barrios de Matogrande y del barrio de las Flores. La limitación de velocidad en esta vía tiene un máximo de 50 kilómetros/hora y uno de los carriles en cada sentido la izquierda se limita a 40 kilómetros/hora. La nueva ordenanza de tráfico que entrará en vigor estos días puede ser una oportunidad para organizar la circulación en esta vía.*

***A las once horas y cuarenta y siete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Cameán Calvete.***

*Sin duda, la movilidad en esta zona se verá modificada por tres intervenciones previstas. La primera es la conexión con Xuxán y Matogrande, la segunda es la conexión que se realizará entre Xuxán y Eirís desde la Residencia Santa Teresa de Jornet, y por último, y a más largo plazo, la conexión de Xuxán con un ramal que entre directamente en Alfonso Molina. Todos ellos permitirán reducir el tráfico en dirección a la ronda Camilo José Cela, dando posibilidad de un itinerario alternativo a los conductores.*

*Sin duda que el tráfico pesado procedente del puerto puede influir también en la dificultad del tráfico en determinados momentos. También es cierto que es un vial que conecta el puerto casi directamente con el polígono de A Grela y con facilidad con el polígono de Pocomaco, y lo es tanto para el tráfico de mercancías como de trabajadores. Por eso nos parecen adecuadas las medidas que se pueden tomar para controlar el tráfico y la velocidad de los vehículos, y por supuesto, aunque existen cruces regulados por semáforos, hay que tratar de garantizar una buena conexión peatonal entre el barrio de las Flores y Matogrande, y Xuxán, y viceversa.*

*Aunque existen aceras en ambas*





marxes, é certo que nalgún tramo da marxe do barrio das Flores o seu ancho redúcese dunha maneira importante, sendo no resto do tramo facilmente ampliábles. Na marxe Matogrande as beirarrúas teñen dimensións máis adecuadas.

Non queremos deixar pasar a ocasión para demandar de novo a posta en marcha dun plan integral de mellora para o barrio das Flores, que xa pedimos nalgún pleno, pois é imprescindible facer melloras de accesibilidade e de pavimentación evidentes nun gran número de rúas e prazas do barrio.

**Ás once horas e corenta e nove minutos entra no Salón de Sesións o señor Celemín Santos.**

Señora alcaldesa, tal é o abandono que vostedes teñen sometido a este barrio que ata teñen que ser os veciños os que velen pola súa propia seguridade. Véxanse os últimos acontecementos de desalojo de okupas no barrio ante a pasividade municipal para afrontar este problema neste e noutros barrios.

Por tanto, apoiaremos a moción, non tanto polos puntos da súa parte resolutiva, que deben ser estudados pola Administración titular da estrada, senón por poñer o foco nunha vía cun tráfico intenso que divide dous barrios e na cal é necesario mellorar con seguridade o tránsito peonil entrambos.

Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Deus.

Señor Díaz Villoslada.

**Señor Díaz Villoslada**

*márgenes, es cierto que en algún tramo de la margen del barrio de las Flores su ancho se reduce de una manera importante, siendo en el resto del tramo fácilmente ampliábles. En la margen Matogrande las aceras tienen dimensiones más adecuadas.*

*No queremos dejar pasar la ocasión para demandar de nuevo la puesta en marcha de un plan integral de mejora para el barrio de las Flores, que ya pedimos en algún pleno, pues es imprescindible hacer mejoras de accesibilidad y de pavimentación evidentes en un gran número de calles y plazas del barrio.*

***A las once horas y cuarenta y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Celemín Santos.***

*Señora alcaldesa, tal es el abandono que ustedes han sometido a este barrio que hasta tienen que ser los vecinos los que velen por su propia seguridad. Véanse los últimos acontecimientos de desalojo de okupas en el barrio ante la pasividad municipal para afrontar este problema en este y en otros barrios.*

*Por tanto, apoyaremos la moción, no tanto por los puntos de su parte resolutiva, que deben ser estudiados por la Administración titular de la carretera, sino por poner el foco en una vía con un tráfico intenso que divide dos barrios y en la cuál es necesario mejorar con seguridad el tránsito peatonal ambos.*

*Muchas gracias.*

***Presidencia***

*Muchas gracias, señor Deus.*

*Señor Díaz Villoslada.*

***Señor Díaz Villoslada***

Si. Señora alcaldesa, non me podo sustraer do debate anterior, vaime desculpar. Fixérono os anteriores intervinentes.

Señora Faraldo, o fin non xustifica os medios, e menos en materia de liberdade de expresión, e menos en materia de violencia.

Señor Deus, ningún grupo político é titular nin pode patrimonializar a liberdade deste país. Non podemos seguir polarizando así a sociedade. Non é patrimonio de ninguén, é patrimonio de toda a sociedade, da nosa convivencia democrática despois de 40 anos de ditadura. Non se pode seguir facendo este tipo de discursos. Somos responsables políticos e polo tanto responsables democráticos, temos que dar exemplo á hora de opinar e á hora de defender e de dar argumentos. Me parece peligroso. Estas fórmulas fáciles actualmente en todo o mundo de polarización social son moi peligrosas. Son moi rentables, iso si, a curto prazo, iso si. Teñamos coidado co que facemos, temos a máxima responsabilidade pública e a máxima responsabilidade —insisto— democrática nun país despois de 40 anos de ditadura, con toda a historia que ten ademais este país atrás de falta de sentimento democrático.

Non sei, creo que ás veces nos equivocamos á hora de falar con máxima frivolidade de calquera cousa.

Indo á cuestión, indo á moción presentada, e disculpando esta intervención, pero eu creo que non queda outra que a veces pronunciarse nos temas troncais da vida colectiva.

Señora Faraldo, aínda que, bueno,

*Sí. Señora alcaldesa, no me podo sustraer del debate anterior, me va a disculpar. Lo hicieron los anteriores intervinientes.*

*Señora Faraldo, el fin no justifica los medios, y menos en materia de libertad de expresión, y menos en materia de violencia.*

*Señor Deus, ningún grupo político es titular ni puede patrimonializar la libertad de este país. No podemos seguir polarizando así la sociedad. No es patrimonio de nadie, es patrimonio de toda la sociedad, de nuestra convivencia democrática después de 40 años de dictadura. No se puede seguir haciendo este tipo de discursos. Somos responsables políticos y por lo tanto responsables democráticos, tenemos que dar ejemplo a la hora de opinar y a la hora de defender y de dar argumentos. Me parece peligroso. Estas fórmulas fáciles actualmente en todo el mundo de polarización social son muy peligrosas. Son muy rentables, eso sí, a corto plazo, eso sí. Tengamos cuidado con lo que hacemos, tenemos la máxima responsabilidad pública y la máxima responsabilidad —insisto— democrática en un país después de 40 años de dictadura, con toda la historia que tiene además este país detrás de falta de sentimiento democrático.*

*No sé, creo que a veces nos equivocamos a la hora de hablar con máxima frivolidad de cualquier cosa.*

*Yendo a la cuestión, yendo a la moción presentada, y disculpando esta intervención, pero yo creo que no queda otra que a veces pronunciarse nos temas troncales de la vida colectiva.*

*Señora Faraldo, aunque, bueno,*

consideramos que máis se trata case dun rogo que dunha moción, pola sistemática de formulación que ten, compartimos a moción, de feito teremos proximamente unha xuntanza coa Demarcación de Estradas en Galicia por outros temas, pero trasladaremos —porque apoiaremos esta moción— trasladaremos esta preocupación.

A AC 10 é evidente, efectivamente é unha vía de alta capacidade que é a conexión do porto interior incluso co porto exterior. Unha vez que ademais estea operativa, esperemos, a Cuarta Ronda, esa conexión porto interior-porto exterior vai circular por esta vía de alta capacidade e é certo que no seu percorrido por barrio das Flores, Matogrande, parte de Eirís, glorieta de Matogrande, necesitan solucións de seguridade vial.

E —o recordaba a señora Delso— quero aproveitar para significar e agradezo esa lembranza que fixo a señora Delso que o próximo 12 de maio entra en vigor a nova normativa do Ministerio do Interior, da Dirección Xeral de Tráfico, apostando por unha “Cidade 30”, como vén apostando este goberno municipal desde o ano pasado coa implantación dun 95 % do viario en “Cidade 30” incluso nas vías de máis capacidade, apostando tamén por ubicar carrís de velocidade máxima 30, por seguridade vial, en primeiro lugar, e por facer unha cidade máis calmada e tamén máis saudable, e nese sentido eu creo que temos tamén todos a responsabilidade de velar non só pola saúde pública noutros ámbitos, pero seguridade vial tamén é saúde pública.

Máis nada e grazas.

**Presidencia**

*consideramos que máis se trata casi de un ruego que de una moción, por la sistemática de planteamiento que tiene, compartimos la moción, de hecho tendremos próximamente una reunión con la Demarcación de Carreteras en Galicia por otros temas, pero trasladaremos —porque apoyaremos esta moción— trasladaremos esta preocupación.*

*La AC 10 es evidente, efectivamente es una vía de alta capacidad que es la conexión del puerto interior incluso con el puerto exterior. Una vez que además esté operativa, esperemos, la Cuarta Ronda, esa conexión puerto interior-puerto exterior va a circular por esta vía de alta capacidad y es cierto que en su recorrido por barrio de las Flores, Matogrande, parte de Eirís, glorieta de Matogrande, necesitan soluciones de seguridad vial.*

*Y —lo recordaba la señora Delso— quiero aprovechar para significar y agradezco ese recuerdo que hizo la señora Delso que el próximo 12 de mayo entra en vigor la nueva normativa del Ministerio del Interior, de la Dirección General de Tráfico, apostando por una “Ciudad 30”, como viene apostando este gobierno municipal desde el año pasado con la implantación de un 95 % del viario en “Ciudad 30” incluso en las vías de más capacidad, apostando también por ubicar carriles de velocidad máxima 30, por seguridad vial, en primer lugar, y por hacer una ciudad más calmada y también más saludable, y en ese sentido yo creo que tenemos también todos la responsabilidad de velar no solo por la salud pública en otros ámbitos, pero seguridad vial también es salud pública.*

*Más nada y gracias.*

**Presidencia**



Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Pasamos á votación desta moción.

*Pasamos a la votación de esta moción.*

**Votación da segunda moción da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**

**Votación de la segunda moción de la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción presentada pola concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo sobre seguridade vial na estrada da ronda Camilo José Cela, producíndose o seguinte resultado:

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción presentada por la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo sobre seguridad vial en la carretera de la ronda Camilo José Cela, produciéndose el siguiente resultado:*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)*

**Presidencia**

**Presidencia**

Moitas grazas, queda aprobada por unanimidade.

*Muchas gracias, queda aprobada por unanimidad.*

**84. Moción presentada pola concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo sobre seguridade viaria na estrada da rolda de Camilo José Cela**

***84. Moción presentada por la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo sobre seguridad vial en la carretera de la ronda de Camilo José Cela***

**Acordo**

**Acuerdo**

O Pleno da Coruña acorda instar o Ministerio de Fomento:

1. Á colocación dun radar controlador da velocidade con fin disuasorio que incite a reducir a velocidade.

2. Á instalación de elementos de protección nas beirarrúas da AC 10 ao seu paso pola rolda de Camilo José Cela (valados, murete, bolardos...) para frear o impacto en caso de accidente e evitar o risco actual das persoas que transitan polas zonas peonís.

3. Á posibilidade de converter un dos carrís de circulación (marxe esquerda de baixada) en carril de camiións, evitando a incorporación á zona máis preto das beirarrúas.

4. A instalación de badenes de freado co fin de provocar a redución da marcha tras saír do túnel en dirección á avenida San Cristóbal ao paso pola rolda Camilo José Cela, sendo unha parte da estrada cun pronunciado descenso.

### **Presidencia**

Neste punto imos facer a pausa para a ventilación, quince minutos, e retomamos a sesión. Moitas grazas.

**Ás once horas e cincuenta e catro minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e dezaoto minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra.**

### **Presidencia**

Retomamos a sesión coas mocións do Bloque Nacionalista Galego, a primeira sobre o barrio de Novo Mesoiro. Consta unha emenda de adición do Partido

*El Pleno de A Coruña acuerda instar al Ministerio de Fomento a:*

*1. La colocación de un radar controlador de la velocidad con fin disuasorio que incite a reducir la velocidad.*

*2. La instalación de elementos de protección en las aceras de la AC 10 a su paso por la ronda de Camilo José Cela (vallados, murete, bolardos...) para frenar el impacto en caso de accidente y evitar el riesgo actual de las personas que transitan por las zonas peatonales.*

*3. La posibilidad de convertir uno de los carriles de circulación (margen izquierda de bajada) en carril de camiones, evitando la incorporación a la zona más cerca de las aceras.*

*4. La instalación de badenes de frenado con el fin de provocar la reducción de la marcha tras salir del túnel en dirección a la avenida San Cristóbal al paso por la ronda Camilo José Cela, siendo una parte de la carretera con un pronunciado descenso.*

### **Presidencia**

*En este punto vamos a hacer la pausa para la ventilación, quince minutos, y retomamos la sesión. Muchas gracias.*

***A las once horas y cincuenta y cuatro minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se retoma a las doce horas y dieciocho minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra.***

### **Presidencia**

*Retomamos la sesión con las mociones del Bloque Nacionalista Galego, la primera sobre el barrio de Novo Mesoiro. Consta una enmienda de adición del Partido*



Popular e consta unha emenda de substitución de Marea Atlántica, que foi xa transaccionada co Grupo proponente.

Señor Jorquera, ten a palabra.

**MOCIÓN S PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

**Primeira. Moción sobre o barrio de Novo Mesoiro.**

**Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de adición e o Grupo Municipal da Marea Atlántica presenta unha emenda de substitución.**

**Señor Jorquera Caselas**

Señora alcaldesa, se me permite unha reflexión inicial —e de verdade que a fago para aportar un pouco de distensión ao debate que logo se prolongou nos pasillos— quedei moi sorprendido coa posición independentista que verbalizou neste pleno o señor Deus. Referiuse, textualmente, ao que votou a sociedade española o pasado martes. Iso quere dicir que o señor Deus considera que a sociedade galega non está incluída na sociedade española porque, como é sabido, os galegos e galegas non estabamos chamados a votar.

Ben, en calquera caso, esta moción refírese a Novo Mesoiro, non se refire a Carabanchel. Aínda así espero que, pese a todo, suscite a atención deste pleno.

Ben, nesta moción propoñemos desenvolver unha serie de actuacións que atendan as necesidades específicas de Novo Mesoiro e que son resultado dunha visita que cursamos a este barrio e das demandas que nos trasladou a

*Popular y consta una enmienda de sustitución de Marea Atlántica, que fue ya transaccionada con el Grupo proponente.*

*Señor Jorquera, tiene la palabra.*

**MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DEL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**

***Primera. Moción sobre el barrio de Novo Mesoiro.***

***Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de adición y el Grupo Municipal de la Marea Atlántica presenta una enmienda de sustitución.***

**Señor Jorquera Caselas**

*Señora alcaldesa, si me permite una reflexión inicial —y de verdad que la hago para aportar un poco de distensión al debate que luego se prolongó en los pasillos— me quedé muy sorprendido con la posición independentista que verbalizó en este pleno el señor Deus. Se refirió, textualmente, a lo que votó la sociedad española el pasado martes. Eso quiere decir que el señor Deus considera que la sociedad gallega no está incluida en la sociedad española porque, como es sabido, los gallegos y gallegas no estábamos llamados a votar.*

*Bien, en cualquier caso, esta moción se refiere a Novo Mesoiro, no se refiere a Carabanchel. Aun así espero que, pese a todo, suscite la atención de este pleno.*

*Bien, en esta moción proponemos desarrollar una serie de actuaciones que atiendan a las necesidades específicas de Novo Mesoiro y que son resultado de una visita que cursamos a este barrio y de las demandas que nos trasladó la Asociación*

## Asociación de Veciños.

Novo Mesoiro é un barrio da nosa cidade con problemas e necesidades singulares. Dunha banda, como acostuma acontecer cos barrios de recente construción, a ocupación de vivenda foi por diante da dotación ao barrio de equipamentos, un déficit de partida agravado pola súa condición de barrio periférico e relativamente illado, afastado do casco urbano consolidado da Coruña. Esta realidade crea necesidades en materia de mobilidade e conectividade con outras partes da nosa cidade que é necesario atender. Por iso propoñemos, entre outras actuacións, mellorar as conexións por autobús, non só co centro, senón tamén cos hospitais ou o campus universitario; ou unha serie de melloras na estrada CP-512, que incrementen a súa seguridade e faciliten o traxecto peonil.

A situación periférica de Novo Mesoiro, á que facía alusión, tamén xera maiores necesidades de equipamentos e servizos, dada a súa lonxanía dos espazos de centralidade urbana. Outro rasgo singular do barrio é que en el se asentou unha poboación predominantemente nova, atraída por unha abundante oferta de vivenda con prezos relativamente asequibles en comparanza con outros barrios da nosa cidade. Froito diso, a idade media das persoas residentes ronda os corenta anos e preto do 28 % son menores de 14. É necesario, pois, á hora de fornecer de servizos a Novo Mesoiro, atender as necesidades específicas da poboación xuvenil e infantil e tamén as necesidades de conciliación de nais e pais. Por estas razóns, entre outras actuacións, propoñemos ampliar o centro cívico e mellorar a oferta de actividades e servizos; acondicionar e dotar de servizos e actividades aos locais municipais da rúa Ribeira Sacra.

## de Vecinos.

*Novo Mesoiro es un barrio de nuestra ciudad con problemas y necesidades singulares. Por una parte, como suele a ocurrir con los barrios de reciente construcción, la ocupación de vivienda fue por delante de la dotación al barrio de equipamientos, un déficit de partida agravado por su condición de barrio periférico y relativamente aislado, alejado del casco urbano consolidado de A Coruña. Esta realidad crea necesidades en materia de movilidad y conectividad con otras partes de nuestra ciudad que es necesario atender. Por eso proponemos, entre otras actuaciones, mejorar las conexiones por autobús, no solo con el centro, sino también con los hospitales o el campus universitario; o una serie de mejoras en la carretera CP-512, que incrementen su seguridad y faciliten el trayecto peatonal.*

*La situación periférica de Novo Mesoiro, a la que hacía alusión, también genera mayores necesidades de equipamientos y servicios, dada su lejanía de los espacios de centralidad urbana. Otro rasgo singular del barrio es que en él se asentó una población predominantemente joven, atraída por una abundante oferta de vivienda con precios relativamente asequibles en comparación con otros barrios de nuestra ciudad. Fruto de eso, la edad media de las personas residentes ronda los cuarenta años y cerca del 28 % son menores de 14. Es necesario, pues, a la hora de proveer de servicios a Novo Mesoiro, atender las necesidades específicas de la población juvenil e infantil y también las necesidades de conciliación de madres y padres. Por estas razones, entre otras actuaciones, proponemos ampliar el centro cívico y mejorar la oferta de actividades y servicios; acondicionar y dotar de servicios y actividades a los locales*

Propoñemos tamén traballar na perspectiva de dotar dunha biblioteca pública a Novo Mesoiro e outros núcleos e barrios próximos ou ampliar as prazas da escola infantil municipal.

Non teño tempo para comentar en detalle todas as restantes actuacións, pero quero rematar cunha reflexión. Novo Mesoiro deu mostras, ao longo dos seus 18 anos de existencia, de ser un barrio con grande dinamismo, no que foi conformándose un forte sentimento de identidade. Pero este sentimento moitas veces convive con unha sensación de esquecemento, de non ser tido suficientemente en conta nas políticas municipais, algo que é necesario atallar fomentando o diálogo coas entidades veciñais e impulsando actuacións que atendan as necesidades específicas de Novo Mesoiro, como as que se contemplan nesta moción.

E remato xa anunciando que aceptamos a emenda do Partido Popular de adición de dous novos puntos relativos a unha instalación deportiva e a unha oficina de Correos. O Grupo da Marea Atlántica presentou unha emenda de substitución ao punto tres e sobre esa emenda chegamos a unha transacción. Polo tanto, o que propoñemos é que se mantenga a moción nos seus termos orixinais, substituíndo o punto tres pola transacción á que chegamos coa Marea Atlántica e engadindo os puntos que figuran na emenda de engádegas do Partido Popular.

Nada máis. Solicitamos o apoio a esta moción. Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas señor Jorquera.

*municipales de la calle Ribeira Sacra. Proponemos también trabajar en la perspectiva de dotar de una biblioteca pública a Novo Mesoiro y otros núcleos y barrios próximos o ampliar las plazas de la escuela infantil municipal.*

*No tengo tiempo para comentar en detalle todas las restantes actuaciones, pero quiero finalizar con una reflexión. Novo Mesoiro dio muestras, a lo largo de sus 18 años de existencia, de ser un barrio con gran dinamismo, en el que fue conformándose un fuerte sentimiento de identidad. Pero este sentimiento muchas veces convive con una sensación de olvido, de no ser tenido suficientemente en cuenta en las políticas municipales, algo que es necesario atajar fomentando el diálogo con las entidades vecinales e impulsando actuaciones que atiendan a las necesidades específicas de Novo Mesoiro, como las que se contemplan en esta moción.*

*Y finalizo ya anunciando que aceptamos la enmienda del Partido Popular de adición de dos nuevos puntos relativos a una instalación deportiva y a una oficina de Correos. El Grupo de la Marea Atlántica presentó una enmienda de sustitución al punto tres y sobre esa enmienda llegamos a una transacción. Por lo tanto, lo que proponemos es que se mantenga la moción en sus términos originales, sustituyendo el punto tres por la transacción a la que llegamos con la Marea Atlántica y añadiendo los puntos que figuran en la enmienda de adición del Partido Popular.*

*Nada más. Solicitamos el apoyo a esta moción. Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias señor Jorquera.*

Señora Faraldo, o seu turno.

**Señora Faraldo Calvo**

Bueno, nesta moción que presenta o BNG non só estamos de acordo, e xa o manifesto dende o minuto un, como tamén llelo manifestamos á Asociación veciñal no encontro que tivemos con elas hai unhas semanas, senón que ademais, nese mesmo encontro ao que fago referencia, adquirimos este compromiso coa Asociación, apoiar as reivindicacións do documento que nos trasladaron, e a palabra ten peso de lei.

Efectivamente, nesa reunión a representación veciñal amosou as necesidades que recolle a moción do BNG, como outras tan salientables que merecerán, con certa inmediatez pola nosa parte, presentar ou apoiar outras mocións con cuestións como as carencias respecto do centro de saúde de Novo Mesoiro; a instalación de estación de bicis municipais, cuestión que foi aprobada, ademais, nos orzamentos participativos de 2016 e que non se materializou; colocación de pasos elevados e bandas rugosas segundo a normativa europea, facer das zonas verdes unha zona de esparcemento familiar e socialización no barrio coa colocación de grellas e mesas e bancos, etc.

No caso do transporte urbano público —ese melón tan difícil de cortar nesta cidade— conta a veciñanza como, por exemplo, para ir á Universidade ou aos hospitais teñen que coller dúas liñas, si ou si, no caso da Universidade, ou coller dúas liñas ou facer un percorrido turístico de longa duración no caso dos hospitais.

Ademais, no caso das carreiras ilegais, logo que trouxemos desde Podemos

*Señora Faraldo, su turno.*

**Señora Faraldo Calvo**

*Bueno, en esta moción que presenta el BNG no solo estamos de acuerdo, y ya lo manifesto desde el minuto uno, como también se lo manifestamos a la Asociación vecinal en el encuentro que tuvimos con ellas hace unas semanas, sino que además, en ese mismo encuentro al que hago referencia, adquirimos este compromiso con la Asociación, apoyar las reivindicaciones del documento que nos trasladaron, y la palabra tiene peso de ley.*

*Efectivamente, en esa reunión la representación vecinal mostró las necesidades que recoge la moción del BNG, como otras tan reseñables que merecerán, con cierta inmediatez por nuestra parte, presentar o apoyar otras mociones con cuestiones como las carencias respecto del centro de salud de Novo Mesoiro; la instalación de estación de bicis municipales, cuestión que fue aprobada, además, en los presupuestos participativos de 2016 y que no se materializó; colocación de pasos elevados y bandas rugosas según la normativa europea; hacer de las zonas verdes una zona de esparcimiento familiar y socialización en el barrio con la colocación de parrillas y mesas y bancos, etc.*

*En el caso del transporte urbano público —ese melón tan difícil de cortar en esta ciudad— cuentan los vecinos cómo, por ejemplo, para ir a la Universidad o a los hospitales tienen que coger dos líneas, sí o sí, en el caso de la Universidad, o coger dos líneas o hacer un recorrido turístico de larga duración en el caso de los hospitales.*

*Además, en el caso de las carreras ilegales, después de que trajéramos desde*

Coruña ao último Pleno e que días despois, o 18 de abril, ante a denuncia veciñal, a Policía Local realizou un control que se saldou con 28 denuncias por varios motivos, esixe ademais unha actuación concreta entre o Concello da Coruña e a Delegación do Goberno para poñer fin a esas perigosas prácticas.

Tamén hoxe traíamos aquí, e vemos que coincidimos con outros Grupos, a preocupación —nós en forma de pregunta escrita— polos locais municipais do barrio e as posibles actuacións sobre eles a fin de dotalos para uso e disfrute da veciñanza do barrio, e non só do barrio.

Bueno, ante todo o exposto, queda reflexado o voto a favor da moción coas propostas concretas que recolle o BNG.

### **Presidencia**

Moitas grazas señora Faraldo.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

### **Señora Delso Carreira**

Si, moitas grazas.

Como xa é costume nesta lexislatura, xunto coa falta de iniciativa do Goberno, por iniciativa dos grupos da oposición falamos de barrios. Neste pleno vimos de falar de Matogrande e do Barrio das Flores, agora falaremos de Novo Mesoiro e despois falaremos do barrio de Labañou, para rematar o Pleno falando do Castrillón.

Novo Mesoiro é o barrio máis novo da Coruña, onde o 90 % dos seus veciños e veciñas teñen menos de 50 anos. Estamos falando dun barrio de arredor de

*Podemos Coruña al último Pleno y que días después, el 18 de abril, ante la denuncia vecinal, la Policía Local realizó un control que se saldó con 28 denuncias por varios motivos, exige además una actuación concreta entre el Ayuntamiento de A Coruña y la Delegación del Gobierno para poner fin la esas peligrosas prácticas.*

*También hoy traíamos aquí, y vemos que coincidimos con otros Grupos, la preocupación —nosotros en forma de pregunta escrita— por los locales municipales del barrio y las posibles actuaciones sobre ellos a fin de dotarlos para uso y disfrute de la vecindad del barrio, y no solo del barrio.*

*Bueno, ante todo lo expuesto, queda reflejado el voto a favor de la moción con las propuestas concretas que recoge el BNG.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias señora Faraldo.*

*Por la Marea Atlántica, señora Delso.*

### **Señora Delso Carreira**

*Sí, muchas gracias.*

*Como ya es costumbre en esta legislatura, junto con la falta de iniciativa del Gobierno, por iniciativa de los grupos de la oposición hablamos de barrios. En este pleno acabamos de hablar de Matogrande y del Barrio de las Flores, ahora hablaremos de Novo Mesoiro y después hablaremos del barrio de Labañou, para finalizar el Pleno hablando del Castrillón.*

*Novo Mesoiro es el barrio más joven de A Coruña, donde el 90 % de sus vecinos y vecinas tienen menos de 50 años. Estamos hablando de un barrio de alrededor de*



7.500, veciños onde máis de 2.500 son menores de 14 anos neste momento e un 32 % aproximadamente son menores de 19 anos. Por iso, dúas das grandes demandas actuais no barrio son unha maior dotación e mellora da conectividade e mobilidade do barrio co resto da cidade a través do transporte público, pero tamén é recorrente a necesidade de novos equipamentos para o barrio. Durante anos a veciñanza reclamou un CPI que acollera todo o ciclo formativo obrigatorio e que contase cunha cociña propia. Sen embargo, a Xunta de Galicia fixo oídos xordos.

Novo Mesoiro precisa atención, precisa atender á infancia e á mocidade do barrio. Cómpre lembrar algunhas das iniciativas levadas a cabo nesta liña polo anterior Goberno municipal, como foi a rehabilitación e apertura dos locais municipais da rúa Ribeira Sacra, concretamente os números 15 e 17, que abriron, do mesmo xeito que fixemos co faro de Oza. Foron rehabilitados e abertos como espazos TEUs, espazos abertos para a veciñanza, que no caso do local número 15 —o máis pequeno, de 80 m<sup>2</sup>— foi pensado e deseñado expresamente para a dinamización xuvenil do barrio, na liña de outro espazo tamén posto en marcha tamén no barrio da Sagrada Familia. É francamente difícil de entender que o actual Goberno municipal renuncie a estes dous programas e a estes dous espazos e os manteña pechados na actualidade.

Na liña de reabrir os espazos TEUs do barrio de Novo Mesoiro e combinar o seu uso aberto coa organización de actividades en colaboración co centro cívico e co tecido asociativo do barrio, así como tamén da recuperación do punto de intercambio de libros impulsado no mandato pasado e que foi

*7.500 vecinos, donde más de 2.500 son menores de 14 años en este momento y un 32 % aproximadamente son menores de 19 años. Por eso, dos de las grandes demandas actuales en el barrio son una mayor dotación y mejora de la conectividad y movilidad del barrio con el resto de la ciudad a través del transporte público, pero también es recurrente la necesidad de nuevos equipamientos para el barrio. Durante años los vecinos reclamaron un CPI que acogiera a todo el ciclo formativo obligatorio y que contara con una cocina propia. Sin embargo, la Xunta de Galicia hizo oídos sordos.*

*Novo Mesoiro necesita atención, necesita atender a la infancia y a la juventud del barrio. Hace falta recordar algunas de las iniciativas llevadas a cabo en esta línea por el anterior Gobierno municipal, como fue la rehabilitación y apertura de los locales municipales de la calle Ribeira Sacra, concretamente los números 15 y 17, que abrieron, al igual que hicimos con el faro de Oza. Fueron rehabilitados y abiertos como espacios TEU, espacios abiertos para los vecinos, que en el caso del local número 15 —el más pequeño, de 80 m<sup>2</sup>— fue pensado y diseñado expresamente para la dinamización juvenil del barrio, en la línea de otro espacio también puesto en marcha también en el barrio de la Sagrada Familia. Es francamente difícil de entender que el actual Gobierno municipal renuncie a estos dos programas y a estos dos espacios y los mantenga cerrados en la actualidad.*

*Como es sabido —así figura en el acervo popular— en el Reino de España, hasta 2008, había alguna gente que vivía por encima de sus posibilidades, concretamente la banca y el sector inmobiliario. Y esos excesos, ese vivir por encima de sus posibilidades, lo enjugamos mediante el Estado depurativo: pusimos los recursos de todos y de todas al servicio de esos excesos. Y uno de los productos, una de las excreciones de esos excesos, es la Sareb. La Sareb tiene activos inmobiliarios por toda la geografía española y, como era inevitable, alguien dijo hace poco que, puesto que está avalada por el Estado, esa deuda computa y debe computar cómo pública. El colmo ¿no? Digamos, el colofón del saqueo de la crisis de 2008.*

*Según la propia página web de la Sareb, que en teoría solo recoge aquellos activos que están movilizando, son 370 propiedades las que tiene en el área metropolitana. Son activos de distinto tipo, no únicamente viviendas o viviendas individuales. Este problema o este desafío de tratar de poner esos activos, que tienen el origen que tienen, al servicio del derecho a la vivienda va mucho más allá, pero tiene en Palavea uno de los casos más sangrantes y, además de tratar de contribuir a la solución, creo que hace falta también enviar desde aquí nuestro apoyo a las personas afectadas ¿no?, que lo son de variadas maneras, en uno de esos laberintos, una de esas callejones sin salida tan típicas de aquella crisis, de las condiciones que dieron lugar la aquella crisis.*

*Nosotros vamos a apoyar esta moción, que entiendo que finalmente se somete a votación con la redacción transaccionada*

entre o BNG e o Partido Popular, aínda que pensamos que se podería ir máis alá, e se cadra se pode volver a abordar isto máis adiante neste Pleno, en primeiro lugar, enmarcando este tipo de políticas nun plan global de dereito á vivenda. Hai veces que as políticas ben intencionadas, cando non teñen unha perspectiva holística, poden xerar efectos indeseados. É o caso das políticas de incremento de calidade do espazo público ou de rehabilitación, que ás veces poden producir efectos xentrificadores ou de exclusión de rendas baixas. Iso é así, non é culpa de ninguén. É bo que haxa unha perspectiva global.

En segundo lugar, botamos en falta á Xunta de Galicia e ao Estado nesta moción. O que á Xunta de Galicia se lle pode esixir é que habilite o dereito de tanteo e retracto nas execucións hipotecarias e ao Estado, que nesa lei de vivenda que non só ía estar lista e aprobada no primeiro trimestre do ano, senón que ía incorporar a regulación dos alugueres, podería tamén contribuír a habilitar a gobernos autonómicos e gobernos locais para facer todo isto. En todo caso, son cuestións que permitirían ampliar o debate, pero non son un obstáculo para apoiar esta moción.

Como hoxe, polo visto, si que se pode utilizar parte do tempo das intervencións para referirse a debates anteriores —cosa que celebro, nós nunca estivemos en contra de que os membros da Corporación utilizasen o seu tempo como mellor dispuxesen—, a verdade é que sorprende —e súpome á incredulidade do señor Jorquera— sorprende o que vimos hoxe aquí das dúas forzas políticas que comparten o Goberno do Estado, non? Eu sei que a tentación de traer debates madrileños aquí é grande. A min o que me gustaría

*entre el BNG y el Partido Popular, aunque pensamos que se podría ir más allá, y a lo mejor se puede volver a abordar esto más adelante en este Pleno, en primer lugar, enmarcando este tipo de políticas en un plan global de derecho a la vivienda. Hay ocasiones en que las políticas bien intencionadas, cuando no tienen una perspectiva holística, pueden generar efectos indeseados. Es el caso de las políticas de incremento de calidad del espacio público o de rehabilitación, que a veces pueden producir efectos gentrificadores o de exclusión de rentas bajas. Eso es así, no es culpa de nadie. Es bueno que haya una perspectiva global.*

*En segundo lugar, echamos en falta a la Xunta de Galicia y al Estado en esta moción. Lo que a la Xunta de Galicia se le puede exigir es que habilite el derecho de tanteo y retracto en las ejecuciones hipotecarias y al Estado, que en esa ley de vivienda que no solo iba a estar lista y aprobada en el primer trimestre del año, sino que iba a incorporar la regulación de los alquileres, podría también contribuir a habilitar a gobiernos autonómicos y gobiernos locales para hacer todo esto. En todo caso, son cuestiones que permitirían ampliar el debate, pero no son un obstáculo para apoyar esta moción.*

*Como hoy, por lo visto, sí que se puede utilizar parte del tiempo de las intervenciones para referirse a debates anteriores —cosa que celebro, nosotros nunca estuvimos en contra de que los miembros de la Corporación utilizaran su tiempo como mejor dispusieran—, la verdad es que sorprende —y me sumo a la incredulidad del señor Jorquera— sorprende lo que vimos hoy aquí de las dos fuerzas políticas que comparten el Gobierno del Estado ¿no? Yo sé que la tentación de traer debates madrileños aquí es grande. A mí lo que me gustaría es*



é que Madrid pasase por aquí, por exemplo, cando se cumpran os compromisos do Goberno de coalición. Non só porque é o que necesita —penso— a cidadanía en España nun momento tan delicado, (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) senón tamén polo propio interese das dúas forzas políticas que integran o Goberno de coalición. Era bo que se aclarasen, que non houbera Goberno de coalición os luns, pero Goberno Sánchez os martes, pero Goberno dos outros o mércores, todo en función do tentadora que sexa a axenda informativa do día. Porque eu creo que esta política de vacilación —no fondo, de temor a asumir as consecuencias dun acordo de goberno como o que se asinou en Madrid— a quen primeiro descoloca é ao seu electorado (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**). Non é casualidade que nas eleccións autonómicas madrileñas ese electorado os colocase como terceira e quinta forza política respectivamente.

Nada máis.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Polo Grupo Popular, señora Cendán.

### **Señora Cendán Gayoso**

Grazas. Bo día a todos.

Moción acaída do Bloque, á que xa adianto o noso voto favorable logo da incorporación e transacción da emenda a favor dos intereses dos particulares, de aqueles que aportaron as súas propiedades en réxime de permuta para construír a promoción sobre a que hoxe debatemos, de aqueles que entregaron a

*que Madrid pasara por aquí, por exemplo, cuando se cumplan los compromisos del Gobierno de coalición. No solo porque es lo que necesita —pienso— la ciudadanía en España en un momento tan delicado, (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención) sino también por el propio interés de las dos fuerzas políticas que integran el Gobierno de coalición. Sería bueno que se aclararan, que no hubiera Gobierno de coalición los lunes, pero Gobierno Sánchez los martes, pero Gobierno de los otros el miércoles, todo en función de lo tentadora que sea la agenda informativa del día. Porque yo creo que esta política de vacilación —en el fondo, de temor a asumir las consecuencias de un acuerdo de gobierno como el que se firmó en Madrid— a quién primero descoloca es a su electorado (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención). No es casualidad que en las elecciones autonómicas madrileñas ese electorado los colocara cómo tercera y quinta fuerza política respectivamente.*

*Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Por el Grupo Popular, señora Cendán.*

### **Señora Cendán Gayoso**

*Gracias. Buenos días a todos.*

*Moción oportuna del Bloque, a la que ya adelanto nuestro voto favorable tras la incorporación y transacción de la enmienda a favor de los intereses de los particulares, de aquellos que aportaron sus propiedades en régimen de permuta para construir la promoción sobre la que hoy debatimos, de aquellos que*



correspondente entrada pola compra do seu piso e de aqueles que soportan diariamente a falta de benestar e a inseguridade no barrio de Palavea.

Chegou a hora de que este goberno demostre iso do que tanto fala, da práctica de esas políticas sociais das que din que ninguén queren deixar atrás. É por iso que pedimos a implicación urxente da alcaldesa para que lidere a xestión social das promocións que quedaron sen venta, para que se reúna con todos os colectivos implicados e para que A Coruña dispoña das ferramentas necesarias para facerse cos esqueletos da cidade, acabalos e convertelos en vivendas funcionais, como se pide dende o sector.

Por desgraza, este non é un novo asunto neste pleno. En numerosas ocasións os veciños de Palavea alertaron sobre o estado de abandono de esta promoción de vivendas executada pola promotora Epamar. Un edificio que atopándose xudicializado obtivo a licenza municipal de primeira ocupación en 2011, tal e como consta no expediente municipal. Ata aí, todo en orde. Sendo así, non comprendemos entón como por parte de todos os axentes socioeconómicos se puidese chegar a permitir un deterioro tan visible e, o que é peor, tan palpable sobre este inmovble, cuxo futuro debatemos hoxe. Que non é do futuro dun inmovble, senón da veciñanza, da súa contorna, que son aqueles que están a sufrir as consecuencias de unha pasividade absoluta dun concello que non está presente na defensa do seu benestar, xa que todos coñecemos as problemáticas analizadas en diversas ocasións neste pleno ao longo destes dous longos e pasivos anos de mandato; pelexas, trapicheos, botellóns, etc.

A quebra da promotora en 2018

*entregaron la correspondiente entrada por la compra de su piso y de aquellos que soportan diariamente la falta de bienestar y la inseguridad en el barrio de Palavea.*

*Llegó la hora de que este gobierno demuestre eso de lo que tanto habla, de la práctica de esas políticas sociales de las que dicen que nadie quieren dejar atrás. Es por eso que pedimos la implicación urgente de la alcaldesa para que lidere la gestión social de las promociones que quedaron sin venta, para que se reúna con todos los colectivos implicados y para que A Coruña disponga de las herramientas necesarias para hacerse con los esqueletos de la ciudad, acabarlos y convertirlos en viviendas funcionales, como se pide desde el sector.*

*Por desgracia, este no es un nuevo asunto en este pleno. En numerosas ocasiones los vecinos de Palavea alertaron sobre el estado de abandono de esta promoción de viviendas ejecutada por la promotora Epamar. Un edificio que encontrándose judicializado obtuvo la licencia municipal de primera ocupación en 2011, tal y como consta en el expediente municipal. Hasta ahí, todo en orden. Siendo así, no comprendemos entonces cómo por parte de todos los agentes socioeconómicos se pudiera llegar a permitir un deterioro tan visible y, lo que es peor, tan palpable sobre este inmueble, cuyo futuro debatimos hoy. Que no es del futuro de un inmueble, sino de la vecindad, de su entorno, que son aquellos que están sufriendo las consecuencias de una pasividad absoluta de un ayuntamiento que no está presente en la defensa de su bienestar, ya que todos conocemos las problemáticas analizadas en diversas ocasiones en este pleno a lo largo de estos dos largos y pasivos años de mandato; peleas, trapicheos, botellones, etc.*

*La quiebra de la promotora en 2018*

provocou o seu paso á Sareb. Recentemente, o Xulgado de Instrución número 2 da Coruña ordenou a saída a poxa pública de 52 vivendas das 58 que conforman a promoción. Fixouse un prezo de saída de máis de nove millóns de euros, dos que o 60 % será para a Sareb e o importe restante para facer fronte ás débedas de outros demandantes. Polo tanto, cómpre e é ineludible esperar os resultados desta poxa, aínda que á vista deste relatorio, case con toda seguridade a promoción acabará nas mans da Sareb. Dito isto, e se isto é así, o Concello debe realizar as negociacións pertinentes para contribuír e facilitar o dereito de acceso á vivenda de aqueles que teñen máis dificultade para facelo: familias sen recursos, mulleres que sofren violencia machista, menores de 35 anos, maiores de 65, entre outros colectivos.

Señora alcaldesa, temos exemplos próximos e moi recentes como o do Concello de Miño. Entón, a pregunta é: que pasará na Coruña? Haberá polo menos vontade política? Porque como dicía, o que si sabemos é que os problemas son intermitentes, as promesas son constantes, pero os feitos son nulos.

Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas señora Cendán.

Pecha o debate o señor Villoslada.

### **Señor Díaz Villoslada**

Si. Grazas señora alcaldesa.

Nós imos, obviamente, apoiar esta moción transaccionada entre o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Popular.

*provocó su paso a la Sareb. Recientemente, el Juzgado de Instrucción número 2 de A Coruña ordenó la salida a subasta pública de 52 viviendas de las 58 que conforman la promoción. Se fijó un precio de salida de más de nueve millones de euros, de los que el 60 % será para la Sareb y el importe restante para hacer frente a las deudas de otros demandantes. Por lo tanto, hace falta y es ineludible esperar los resultados de esta subasta, aunque a la vista de este relato, casi con toda seguridad la promoción acabará en las manos de la Sareb. Dicho esto, y si esto es así, el Ayuntamiento debe realizar las negociaciones pertinentes para contribuir y facilitar el derecho de acceso a la vivienda de aquellos que tienen más dificultad para hacerlo: familias sin recursos, mujeres que sufren violencia machista, menores de 35 años, mayores de 65, entre otros colectivos.*

*Señora alcaldesa, tenemos ejemplos próximos y muy recientes como el del Ayuntamiento de Miño. Entonces, la pregunta es ¿qué pasará en A Coruña? ¿Habrà por lo menos voluntad política? Porque cómo decía, lo que sí sabemos es que los problemas son intermitentes, las promesas son constantes, pero los hechos son nulos.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias señora Cendán.*

*Cierra el debate el señor Villoslada.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí. Gracias señora alcaldesa.*

*Nosotros vamos, obviamente, a apoyar esta moción transaccionada entre el Bloque Nacionalista Galego y el Partido*

É de agradecer que en ámbitos tan sociais como este existan estas transaccións, tamén entre o BNG e Partido Popular, porque observamos como as necesidades sociais nos incumben a todos de unha forma importante. E digo que imos apoiar esta moción porque non pode ser de outra forma, porque efectivamente xa estamos en contacto coa Sareb para tratar, non de negociar —efectivamente como dicía a señora Faraldo—, senón para tratar de, se finalmente no que respecta a este edificio en Palavea, parece que estaría prevista a subasta en curso hacia mediados-finais deste mes, se Sareb resulta efectivamente adxudicataria no remate de esa subasta de estes algo máis de 50 pisos. Estamos, como digo, xa en contacto coa Dirección de Responsabilidade Social Corporativa de Sareb para poder traballar na cesión do usufruto de estes pisos, que por certo, un edificio que, aparte da necesaria licenza, ten licenza de primeira ocupación, é dicir, que está absolutamente todo en regra, pois poder dispoñer de eses pisos e integralos no parque municipal de vivenda e pensar en asignalos a vivenda de carácter social, pero a vivenda tamén, evidentemente, que cubran necesidades tamén de menores de 35 anos e tamén de maiores que poidan necesitalo. E en ese sentido agradecemos que se presente esta moción porque, precisamente, ratifica os traballos que estamos levando desde a Concellaría e desde o Goberno municipal coa Sareb para poder facer viable esta posibilidade.

Tamén, e o teño dito en algunha ocasión, quero poñer en valor o traballo que fixo o Concello de Miño, efectivamente, para facer viable algunha de estas cesións de usufruto en Miño, que era un punto emblemático case de caos urbanístico coa promoción de Costa Miño, e estamos

*Popular. Es de agradecer que en ámbitos tan sociales como este existan estas transacciones, también entre el BNG y Partido Popular, porque observamos cómo las necesidades sociales nos incumben a todos de una forma importante. Y digo que vamos a apoyar esta moción porque no puede ser de otra forma, porque efectivamente ya estamos en contacto con la Sareb para tratar, no de negociar —efectivamente como decía la señora Faraldo—, sino para tratar de, si finalmente en lo que respecta a este edificio en Palavea, parece que estaría prevista la subasta en curso hacia mediados-finales de este mes, si Sareb resulta efectivamente adjudicataria al final de esa subasta de estos algo más de 50 pisos. Estamos, como digo, ya en contacto con la Dirección de Responsabilidad Social Corporativa de Sareb para poder trabajar en la cesión del usufructo de estos pisos, que por cierto, un edificio que, aparte de la necesaria licencia, tiene licencia de primera ocupación, es decir, que está absolutamente todo en regla, pues poder disponer de esos pisos e integrarlos en el parque municipal de vivienda y pensar en asignarlos a vivienda de carácter social, pero a vivienda también, evidentemente, que cubran necesidades también de menores de 35 años y también de mayores que puedan necesitarlo. Y en ese sentido agradecemos que se presente esta moción porque, precisamente, ratifica los trabajos que estamos llevando desde la Concejalía y desde el Gobierno municipal con la Sareb para poder hacer viable esta posibilidad.*

*También, y lo he dicho en alguna ocasión, quiero poner en valor el trabajo que hizo el Ayuntamiento de Miño, efectivamente, para hacer viable alguna de estas cesiones de usufructo en Miño, que era un punto emblemático casi de caos urbanístico con la promoción de Costa*

lógicamente en contacto con eles para saber os termos nos que articularon esa cesión en usufruto. Nós buscaríamos as nosas fórmulas, evidentemente, con Sareb e quedei co director de Responsabilidade Social da Sareb en falar despois de que se rematara esta subasta, ao longo de este mes se xudicialmente está rematada. Porque como temos dito en algunhas ou en varios debates de mocións ou de preguntas nesta materia, e o comentaba a propia señora Veira, existe unha necesidade clarísima de vivenda pública na cidade. Existe unha necesidade de vivenda pública na cidade desde o punto de vista de que practicamente hai 3.000 persoas inscritas no rexistro único de demandantes de vivenda de protección da Xunta de Galicia, existen unhas previsións demográficas de crecemento —suave, pero de crecemento— na cidade, tal e como tivemos ocasión de expoñer en algunhas intervencións anteriores, existe unha demanda potencial tamén de cambio de vivenda, e todas estas cuestións nos indican que existe, en xeral, unha demanda na cidade de vivenda que hai que canalizar, por un lado hacia vivenda nova, pero por outro lado hacia vivenda a rehabilitar. E claro, entre toda esa necesidade de vivenda, a prioridade e máis importante ten que ser a vivenda de carácter público. Nós estamos traballado, como teño dito en outra ocasión, para mobilizar en un número próximo a 900 vivendas de protección oficial, pero é certo, señora Cendán, é certo que Galicia —e aí están os datos oficiais— Galicia no período 2011-2019 —o teño dito tamén en algunha ocasión— está á cola de todas as comunidades autónomas en mobilización de vivenda de protección oficial. En Galicia, de 31.000 vivendas construídas entre 2011 e 2019, 3.000 foron de protección oficial. **(Óese un sinal acústico indicativo da**

*Miño, y estamos lógicamente en contacto con ellos para saber los términos en los que articularon esa cesión en usufructo. Nosotros buscaríamos nuestras fórmulas, evidentemente, con Sareb, y quedé con el director de Responsabilidad Social de la Sareb en hablar después de que finalizara esta subasta, a lo largo de este mes si judicialmente está finalizada. Porque cómo hemos dicho en algunas o en varios debates de mociones o de preguntas en esta materia, y lo comentaba la propia señora Veira, existe una necesidad clarísima de vivienda pública en la ciudad. Existe una necesidad de vivienda pública en la ciudad desde el punto de vista de que prácticamente hay 3.000 personas inscritas en el registro único de demandantes de vivienda de protección de la Xunta de Galicia, existen unas previsiones demográficas de crecimiento —suave, pero de crecimiento— en la ciudad, tal y como tuvimos ocasión de exponer en algunas intervenciones anteriores, existe una demanda potencial también de cambio de vivienda, y todas estas cuestiones nos indican que existe, en general, una demanda en la ciudad de vivienda que hay que canalizar, por un lado hacia vivienda nueva, pero por otro lado hacia vivienda a rehabilitar. Y claro, entre toda esa necesidad de vivienda, la prioridad y más importante tiene que ser la vivienda de carácter público. Nosotros estamos trabajado, como he dicho en otra ocasión, para movilizar en un número próximo a 900 viviendas de protección oficial, pero es cierto, señora Cendán, es cierto que Galicia —y ahí están los datos oficiales— Galicia en el período 2011-2019 —lo he dicho también en alguna ocasión— está a la cola de todas las comunidades autónomas en movilización de vivienda de protección oficial. En Galicia, de 31.000 viviendas construidas entre 2011 y 2019, 3.000 fueron de protección oficial. **(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del***



**finalización do tempo de intervención.)** E vou rematando, señora alcaldesa. É dicir, o 9,7 % cando a media en España é do 27 %, no País Vasco é do 38 % ou en Asturias é do 26 %. Pero é certo que hai que traballar, non só na mobilización de vivenda nova, senón tamén en toda a parte de rehabilitación, e as medidas que a nivel de Goberno central se están traballando para establecer novas bonificacións fiscais para a redución de prezos de alugueiro ou para recuperar a dedución fiscal por rehabilitación de vivendas ata o 60% do custo das obras, son medidas importantes en materia tamén fiscal que poden e teñen que axudar á renovación e rehabilitación do noso parque de vivenda.

Insisto en focalizar a rehabilitación e tamén a nova vivenda a porcentaxes máis importantes en Galicia de protección oficial. E aí, os deberes os ten, dunha forma importantísima, a Xunta de Galicia.

Gracias.

### **Presidencia**

Moitas grazas. Remata o debate.

### **Votación da segunda moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular, sobre cesión de vivendas da Sareb para vivenda pública en réxime de aluguer, producíndose o seguinte resultado:

*tiempo de intervención.) Y voy finalizando, señora alcaldesa. Es decir, el 9,7 %, cuando la media en España es del 27 %, en el País Vasco es del 38% o en Asturias es del 26%. Pero es cierto que hay que trabajar, no solo en la movilización de vivienda nueva, sino también en toda la parte de rehabilitación, y las medidas que a nivel de Gobierno central se están trabajando para establecer nuevas bonificaciones fiscales para la reducción de precios de alquiler o para recuperar la deducción fiscal por rehabilitación de viviendas hasta el 60 % del coste de las obras, son medidas importantes en materia también fiscal que pueden y tienen que ayudar a la renovación y rehabilitación de nuestro parque de vivienda.*

*Insisto en focalizar la rehabilitación y también la nueva vivienda a porcentajes más importantes en Galicia de protección oficial. Y ahí, los deberes los tiene, de una forma importantísima, la Xunta de Galicia.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias. Finaliza el debate.*

### **Votación de la segunda moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre cesión de viviendas de la Sareb para vivienda pública en régimen de alquiler, produciéndose el siguiente resultado:*





Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)*

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)*

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)*

### **Presidencia**

### **Presidencia**

Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Queda aprobada por unanimidade.

*Queda aprobada por unanimidad.*

**86. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada co Grupo Municipal do Partido Popular, sobre cesión de vivendas da Sareb para vivenda pública en réxime de aluguer.**

***86. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre cesión de viviendas de la Sareb para vivienda pública en régimen de alquiler.***

### **Acordo**

### **Acuerdo**

Instar o Goberno local a:

*Instar al Gobierno local a:*

a) Negociar coa SAREB, no caso de que finalmente resulte adxudicataria da promoción, para obter a cesión das vivendas dos bloques de Epamar de cara a incorporalas á bolsa de vivenda pública municipal en réxime de aluguer.

*a) Negociar con la SAREB, en caso de que finalmente resulte adjudicataria de la promoción, para obtener la cesión de las viviendas de los bloques de Epamar de cara a incorporarlas a la bolsa de vivienda pública municipal en régimen de alquiler.*

b) Negociar coa SAREB para obter a cesión do conxunto das vivendas construídas na cidade de cara a

*b) Negociar con la SAREB para obtener la cesión del conjunto de las viviendas construidas en la ciudad de cara a*



incorporalas á bolsa de vivenda pública municipal en réxime de aluguer.

c) Ofrecer o seu apoio aos particulares que aportasen as súas propiedades en réxime de permuta para construír esa promoción, así como a aqueles que entregasen a correspondente entrada pola compra do piso.

d) Negociar coa SAREB, no caso de que finalmente resulte adxudicataria da promoción, o peche e desaloxo dos okupantes do edificio, tal e como solicita a veciñanza, para garantir a seguridade do barrio de Palavea.

### **Presidencia**

Pasamos xa ás mocións presentadas pola Marea Atlántica. A primeira delas sobre o barrio de Labañou. Ten unha emenda de adición da concelleira non adscrita.

Señora Delso.

### **MOCIÓNs PRESENTADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA ATLÁNTICA (MA)**

**Primeira. Moción sobre o barrio de Labañou**

**Sobre esta moción a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo presenta unha emenda de adición.**

### **Señora Delso Carreira**

Moitas grazas. Transaccionamos a emenda coa concelleira non adscrita.

Presentamos dende a Marea Atlántica esta moción sobre o barrio de Labañou na que recolleemos unha serie de demandas trasladadas pola entidade veciñal despois dunha recente visita que

*incorporarlas a la bolsa de vivienda pública municipal en régimen de alquiler.*

*c) Ofrecer su apoyo a los particulares que aportasen sus propiedades en régimen de permuta para construir esa promoción, así como a aquellos que hubieran entregado la correspondiente entrada por la compra del piso.*

*d) Negociar con la SAREB, en caso de que finalmente resulte adjudicataria de la promoción, el cierre y desalojo de los okupantes del edificio, tal y como solicita la vecindad, para garantizar la seguridad del barrio de Palavea.*

### **Presidencia**

*Pasamos ya a las mociones presentadas por la Marea Atlántica. La primera de ellas sobre el barrio de Labañou. Tiene una enmienda de adición de la concejala no adscrita.*

*Señora Delso.*

### **MOCIONES PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DE LA MAREA ATLÁNTICA (MA)**

**Primera. Moción sobre el barrio de Labañou**

**Sobre esta moción la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo presenta una enmienda de adición.**

### **Señora Delso Carreira**

*Muchas gracias. Transaccionamos la enmienda con la concejala no adscrita.*

*Presentamos desde la Marea Atlántica esta moción sobre el barrio de Labañou en la que recogemos una serie de demandas trasladadas por la entidad vecinal después de una reciente visita que hicimos*

fixemos ao barrio. Falamos de Labañou, un barrio historicamente vencellado ao mar e que quere seguir séndoo.

O barrio de Labañou xurde tras unha serie de actuacións de vivenda e protección pública no principio dos anos 50, en concreto coa creación do Grupo María Pita e a Nosa Señora do Perpetuo Socorro. Segundo o Plan do 48 esta zona completaría o final da vía de rolda secundaria, conformando un gran parque, idea que foi substituída no Plan do 67 incorporando a esta área na delimitación do Plan parcial de Labañou, que non se chegou a realizar.

Na actualidade o barrio de Labañou atópase na encrucillada que provoca o Plan especial de Labañou e o desenvolvemento do proxecto das Percebeiras, o proxecto dos mamotretos fronte ao mar, a cuxo documento ambiental presentaron alegacións máis de 30 colectivos e entidades da cidade: entidades veciñais, sociais, deportivas, formacións políticas, sindicatos e entidades ecoloxistas, entre moitas outras. A execución do proxecto inmobiliario na Agra das Percebeiras suporía un impacto moi negativo, tanto na fachada marítima da cidade en xeral coma no barrio de Labañou en particular. En Labañou, coma nos peiraos interiores, confróntanse dous modelos de cidade nestes momentos: o da especulación e os mamotretos ou o da cidade de proximidade para a veciñanza de todos os barrios. De feito, cada vez son máis as voces expertas que falan dun cambio de modelo e piden máis rehabilitación e menos nova construción para facer un uso máis racional do territorio. É o momento de frear os pelletazos e centrarse na mellora do interior dos barrios e das cidades. No caso do barrio de Labañou as demandas son amplas e abarcan dende cuestións

*al barrio. Hablamos de Labañou, un barrio históricamente vinculado al mar y que quiere seguir siéndolo.*

*El barrio de Labañou surge tras una serie de actuaciones de vivienda y protección pública a principios de los años 50, en concreto con la creación del Grupo María Pita y Nuestra Señora del Perpetuo Socorro. Según el Plan del 48 esta zona completaría el final de la vía de ronda secundaria, conformando un gran parque, idea que fue sustituida en el Plan del 67 incorporando esta área en la delimitación del Plan parcial de Labañou, que no se llegó a realizar.*

*En la actualidad el barrio de Labañou se encuentra en la encrucijada que provoca el Plan especial de Labañou y el desarrollo del proyecto de As Percebeiras, el proyecto de los mamotretos frente al mar, a cuyo documento ambiental presentaron alegaciones más de 30 colectivos y entidades de la ciudad: entidades vecinales, sociales, deportivas, formaciones políticas, sindicatos y entidades ecologistas, entre muchas otras. La ejecución del proyecto inmobiliario en el Agra de As Percebeiras supondría un impacto muy negativo, tanto en la fachada marítima de la ciudad en general como en el barrio de Labañou en particular. En Labañou, como en los muelles interiores, se comparan dos modelos de ciudad en estos momentos: el de la especulación y los mamotretos o el de la ciudad de proximidad para la vecindad de todos los barrios. De hecho, cada vez son más las voces expertas que hablan de un cambio de modelo y piden más rehabilitación y menos nueva construcción para hacer un uso más racional del territorio. Es el momento de frenar los pelletazos y centrarse en la mejora del interior de los barrios y de las ciudades. En el caso del barrio de Labañou las demandas son*

básicas, como a renovación de beirarrúas na rúa do Grupo Pardo de Santalla, na rúa Perú, a necesidade de pacificación e regulación do tránsito rodado con bandas reductoras ou semáforos en varios puntos da avenida de Gran Canaria e tamén da rúa Manuel Murguía e tamén hai un reclamo importante no barrio para a peonalización do tramo da avenida de Gran Canaria entre a rúa Educación e Archer Milton na perpendicular coa rúa Arxentina.

As demandas relacionadas coa mobilidade son abundantes e tamén hai un reclamo recorrente tamén noutros barrios da cidade que pide a mellora das frecuencias do transporte público, das liñas que pasan polo barrio, a creación de novas paradas ou a ampliación do carril bici ata a UNED, así como a instalación de estacións de BiciCoruña e de aparcabicis na praza da Tolerancia. Ademais hai unha petición para reordenar o aparcamento e situalo en batería na zona da rolda de Outeiro como medida, tamén, para o calmado do tráfico e a recuperación de prazas de aparcamento.

Ademais, hai unha importante inquedanza social no barrio que reclama dun enfoque social global preventivo de cohesión social para atender os problemas de convivencia e vulnerabilidade social que existen na contorna do centro cívico nestes momentos. Resulta difícil de entender que o actual Goberno municipal renuncie ao programa de “Educación en rúa”, que levaba varios anos traballando a pé de rúa coa mocidade do barrio de Labañou así como doutros barrios da cidade. Urxe recuperalo, tamén pedímolos entre os acordos desta moción, como tamén incrementar a oferta de

*amplias y abarcan desde cuestiones básicas, como la renovación de aceras en la calle del Grupo Pardo de Santalla, en la calle Perú, la necesidad de pacificación y regulación del tráfico rodado con bandas reductoras o semáforos en varios puntos de la avenida de Gran Canaria y también de la calle Manuel Murguía y también hay una reclamación importante en el barrio para la peatonalización del tramo de la avenida de Gran Canaria entre la calle Educación y Archer Milton en la perpendicular con la calle Argentina.*

*Las demandas relacionadas con la movilidad son abundantes y también hay una reclamación recurrente también en otros barrios de la ciudad que pide la mejora de las frecuencias del transporte público, de las líneas que pasan por el barrio, la creación de nuevas paradas o la ampliación del carril bici hasta la UNED, así como la instalación de estaciones de BiciCoruña y de aparcabicis en la plaza de la Tolerancia. Además hay una petición para reordenar el aparcamiento y situarlo en batería en la zona de la ronda de Outeiro como medida, también, para el calmado del tráfico y la recuperación de plazas de aparcamiento.*

*Además, hay una importante inquietud social en el barrio que reclama un enfoque social global preventivo de cohesión social para atender los problemas de convivencia y vulnerabilidad social que existen en el entorno del centro cívico en estos momentos. Resulta difícil de entender que el actual Gobierno municipal renuncie al programa de “Educación en calle”, que llevaba varios años trabajando a pie de calle con la juventud del barrio de Labañou así como de otros barrios de la ciudad. Urge recuperarlo, también lo pedimos entre los acuerdos de esta moción, como también incrementar la oferta de actividades de*

actividades de ocio e de lecer, por exemplo, revitalizando as pistas deportivas e tamén a través do programa “Nocturnia” no barrio (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**). Remato xa.

A veciñanza de Labañou ten tamén proxectos moi ambiciosos e de mellora da calidade urbana do barrio, como a iniciativa Abrir os muros da Cidade Escolar, que debería realizarse en colaboración coas entidades educativas do barrio: Conservatorio, UNED, Escola Oficial de Idiomas, UDC, Deputación. Con esta iniciativa eliminaríanse os muros que manteñen illados a estes espazos educativos do resto do barrio provocando a apertura de novos espazos verdes que mellorarían a calidade urbana do barrio e contribuirían a aumentar os espazos de lecer e tránsito peonil, así como a posta en valor dun proxecto de urbanismo pioneiro no seu momento.

Ademais, é preciso atender os parques infantís do barrio e executar, tamén, algúns proxectos dos orzamentos participativos que están aínda pendentes, así como axilizar a reurbanización (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención**) do ARI do Grupo de vivendas María Pita proxectadas no pasado mandato e vinculadas ás axudas do Plan Estatal de Vivenda, que acumula un importante retraso e continúa pendente de execución polo Goberno municipal.

Máis nada. Grazas.

### **Presidencia**

Grazas, señora Delso.

Señora Faraldo.

*ocio, por exemplo, revitalizando las pistas deportivas y también a través del programa “Nocturnia” en el barrio (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención). Finalizo ya.*

*La vecindad de Labañou tiene también proyectos muy ambiciosos y de mejora de la calidad urbana del barrio, como la iniciativa Abrir los muros de la Ciudad Escolar, que debería realizarse en colaboración con las entidades educativas del barrio: Conservatorio, UNED, Escuela Oficial de Idiomas, UDC, Diputación. Con esta iniciativa se eliminarían los muros que mantienen aislados a estos espacios educativos del resto del barrio provocando la apertura de nuevos espacios verdes que mejorarían la calidad urbana del barrio y contribuirían a aumentar los espacios de ocio y tránsito peatonal, así como la puesta en valor de un proyecto de urbanismo pionero en su momento.*

*Además, es preciso atender los parques infantiles del barrio y ejecutar, también, algunos proyectos de los presupuestos participativos que están aún pendientes, así como agilizar la reurbanización (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención) del ARI del Grupo de viviendas María Pita proyectadas en el pasado mandato y vinculadas a las ayudas del Plan Estatal de Vivienda, que acumula un importante retraso y continúa pendiente de ejecución por el Gobierno municipal.*

*Nada más. Gracias.*

### **Presidencia**

*Grazas, señora Delso.*

*Señora Faraldo.*



### **Señora Faraldo Calvo**

Somos en Podemos Coruña de centrarnos nas cousas concretas, nesas pequenas cousas que supoñen logros para a mellora da calidade do día a día dos barrios. Probablemente, tamén, por ir tomando terreo paseniñamente, as nosas mocións céntranse en cuestións delimitadas no mesmo ámbito de actuación: xardíns, seguridade vial, transporte, dotacións concretas...ou como moito, abarcamos dous ou tres puntos diferentes. Pode respostar, non digo que non, a unha cuestión, incluso, de timidez municipal. Cando nos atopamos cunha moción como esta de Marea Atlántica ou como outras que xa debatemos noutros Plenos que son lexitimamente ambiciosas e abren plantexando o desenvolvemento de moitos frontes diferentes en canto a ámbitos de actuación: limpeza, eventos culturais, actuacións no PXOM, colaboración con entidades educativas, seguridade vial, dotación de carril, estación de bicis, reforma de parques, urinarios, iluminación do Millenium —que, por certo, foi un rogo que presenteí no Pleno pasado e que aí segue— implantación do ARI, Área de Rehabilitación Integral, no Grupo de Vivendas de María Pita...pois a verdade é que teño a sensación de que canto máis afastamos o campo de visión sobre o concreto, máis dificultades imos ter para conquerilo. En todo caso, ogallá sexa unha percepción equivocada e sexamos quen de sacar adiante esta moción e en breve vexamos un barrio de Labañou cuberto por todas estas peticións.

Desde logo, lonxe da miña susceptibilidade, conta co meu voto favorable, partindo, ademais, dun tema central que apoiamos sen dúbida: rehabilitar fronte a demoler para

### **Señora Faraldo Calvo**

*Somos en Podemos Coruña de centrarnos en las cosas concretas, en esas pequeñas cosas que suponen logros para la mejora de la calidad del día a día de los barrios. Probablemente, también, por ir tomando terreno poco a poco, nuestras mociones se centran en cuestiones delimitadas en el mismo ámbito de actuación: jardines, seguridad vial, transporte, dotaciones concretas...o como mucho, abarcamos dos o tres puntos diferentes. Puede responder, no digo que no, a una cuestión, incluso, de timidez municipal. Cuando nos encontramos con una moción como esta de Marea Atlántica o como otras que ya debatimos en otros Plenos que son legítimamente ambiciosas y abren planteando el desarrollo de muchos frentes diferentes en cuanto a ámbitos de actuación: limpieza, eventos culturales, actuaciones en el PGOM, colaboración con entidades educativas, seguridad vial, dotación de carril, estación de bicis, reforma de parques, urinarios, iluminación del Millenium —que, por cierto, fue un ruego que presenté en el Pleno pasado y que ahí sigue— implantación del ARI, Área de Rehabilitación Integral, en el Grupo de Viviendas de María Pita...pues la verdad es que tengo la sensación de que cuanto más alejamos el campo de visión sobre lo concreto, más dificultades vamos a tener para conseguirlo. En todo caso, ojalá sea una percepción equivocada y seamos capaces de sacar adelante esta moción y en breve veamos un barrio de Labañou cubierto por todas estas peticiones.*

*Desde luego, lejos de mi susceptibilidad, cuenta con mi voto favorable, partiendo, además, de un tema central que apoyamos sin duda: rehabilitar frente a demoler para construir siempre que las*

construír sempre que as condicións o permitan. Agradezo, en todo caso, o Grupo Municipal, a transacción da miña emenda. Se ben é certo, a incuestionable representatividade das asociacións de veciños e a súa absoluta lexitimidade na defensa das melloras barriais, tamén é certo que ás veces non toda a veciñanza —e isto é unha pena— acode ás asociacións a elevar as súas peticións. Existe, xa de fai moito tempo, unha vella reivindicación da zona para que unha das liñas existentes ou unha nova percorra o paseo marítimo polas avenidas de San Roque-Gerardo Porto que facilitaría o acceso ao bus urbano da veciñanza da barriada que dá cara á costa, tendo en conta, ademais, que para acceder ás paradas unha gran parte da barriada ten que subir unha inclinada costa, andar varias decenas de metros ou incluso acompañar —unha escena que se ve a miúdo— os seus maiores ás paradas máis cercanas, ese melón do que falabamos na outra moción do que é o servizo do bus urbano e o seu replantexamento. Máis de 25 anos de paseo marítimo na zona de San Roque e Gerardo Porto e a compañía aínda non viu a necesidade de dotar dunha liña a esa zona. Por iso, agradecemento da inclusión desta emenda e o noso voto favorable.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo BNG, señora Veira.

### **Señora Veira González**

Grazas, señora Rey.

Desde o BNG imos votar a favor desta moción porque recolle practicamente todas as necesidades que ten detectadas a Asociación Veciñal Francisco

*condiciones lo permitan. Agradezco, en todo caso, al Grupo Municipal, la transacción de mi enmienda. Si bien es cierto, la incuestionable representatividad de las asociaciones de vecinos y su absoluta legitimidad en la defensa de las mejoras barriales, también es cierto que a veces no toda la vecindad —y esto es una pena— acude a las asociaciones a elevar sus peticiones. Existe, ya desde hace mucho tiempo, una vieja reivindicación de la zona para que una de las líneas existentes o una nueva recorra el paseo marítimo por las avenidas de San Roque-Gerardo Porto que facilitaría el acceso al bus urbano de la vecindad de la barriada que da a la costa, teniendo en cuenta, además, que para acceder a las paradas una gran parte de la barriada tiene que subir una inclinada cuesta, andar varias decenas de metros o incluso acompañar —una escena que se ve a menudo— a sus mayores a las paradas más cercanas, ese melón del que hablábamos en la otra moción de lo que es el servicio del bus urbano y su replanteamiento. Más de 25 años de paseo marítimo en la zona de San Roque y Gerardo Porto y la compañía aun no vio la necesidad de dotar de una línea a esa zona. Por eso, agradecimiento de la inclusión de esta enmienda y nuestro voto favorable.*

### **Presidencia**

Muchas gracias, señora Faraldo.

Por el BNG, señora Veira.

### **Señora Veira González**

Gracias, señora Rey.

*Desde el BNG vamos a votar a favor de esta moción porque recoge prácticamente todas las necesidades que ha detectado la Asociación Vecinal Francisco Rodríguez*

Rodríguez Otero de Labañou, necesidades que ademais nós compartimos e cremos que hai que atender. De feito, así nolas trasladaron na reunión que tivemos o 20 de abril, moi recentemente. Algunhas das propostas que fai a asociación do barrio poden ser aplicadas case xa de inmediato, como son as que teñen a ver coa seguridade viaria e o calmado do tráfico. Son case urxentes porque supoñen un perigo para os peóns, como o cruzamento da rolda de Outeiro cara á avenida de Gran Canaria e outros que se nomean, a elevación do paso de peóns da rúa Honduras coa avenida de Labañou nun cambio de rasante. Parécenos importante mudar o aparcamento na rolda de Outeiro no seu tramo entre o cruzamento coa rúa Manuel Murguía e a avenida de Gran Canaria porque hoxe en día ese aparcamento é en liña e se o mudásemos a batería e recuperásemos así algunhas prazas que se perden coas obras que se están a executar no barrio tamén axudaría a calmar o tráfico porque se reduciría o espazo dos carrís.

No que ten a ver coa situación social do barrio, cremos, tamén, que é importante que se reforcen os servizos sociais e de intervención na rúa. Consideramos fundamental atender, tamén, á mocidade do barrio con espazos públicos aptos para elas e para eles e tamén con programación cultural e de lecer. O reforzo da limpeza e o coidado e mantemento dos espazos públicos por parte do Concello tamén saíu nas conversas coa Asociación de veciños de Labañou e vén saíndo reiteradamente con todas as entidades veciñais coas que nos reunimos a cotío. Sería tamén interesante recuperar o proxecto de derrubar os muros da Cidade Escolar. A Cidade Universitaria de Riazor foi proxectada durante a República e ideada

*Otero de Labañou, necesidades que además nosotros compartimos y creemos que hay que atender. De hecho, así nos las trasladaron en la reunión que tuvimos el 20 de abril, muy recientemente. Algunas de las propuestas que hace la asociación del barrio pueden ser aplicadas casi ya de inmediato, como son las que tienen que ver con la seguridad vial y el calmado del tráfico. Son casi urgentes porque suponen un peligro para los peatones, como el cruce de la ronda de Outeiro hacia la avenida de Gran Canaria y otros que se citan, la elevación del paso de cebrade la calle Honduras con la avenida de Labañou en un cambio de rasante. Nos parece importante cambiar el aparcamiento en la ronda de Outeiro en su tramo entre el cruce con la calle Manuel Murguía y la avenida de Gran Canaria porque hoy en día ese aparcamiento es en línea y si lo cambiásemos a batería y recuperásemos así algunas plazas que se pierden con las obras que se están ejecutando en el barrio también ayudaría a calmar el tráfico porque se reduciría el espacio de los carriles.*

*Con respecto a la situación social del barrio, creemos, también, que es importante que se refuercen los servicios sociales y de intervención en la calle. Consideramos fundamental atender, también, a la juventud del barrio con espacios públicos aptos para ellas y para ellos y también con programación cultural y de ocio. El refuerzo de la limpieza y el cuidado y mantenimiento de los espacios públicos por parte del Ayuntamiento también salió en las conversaciones con la Asociación de vecinos de Labañou y viene saliendo reiteradamente con todas las entidades vecinales con las que nos reunimos a menudo. Sería también interesante recuperar el proyecto de derribar los muros de la Ciudad Escolar. La Ciudad*

por Antonio Tenreiro coa idea de dotar o barrio —que daquela, era un arrabalde da cidade— de zonas verdes, espazos abertos e peonís. Unha idea republicana que o réxime franquista desbotou pechando cara a si propio cada un dos edificios que se foron proxectando e construíndo. O profesor Xosé Lois Martínez vén insistindo en derrubar eses muros que separan os edificios públicos educativos e culturais do barrio, algo que se comezou no pasado mandato, mais debe proseguir. Así lograremos facernos con máis espazo público de calidade e zonas verdes e conseguiremos conectar o barrio entre si.

